



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**EXPTE. 2024/G010/000003**

**ACTA SESIÓN ORDINARIA  
CONCELLO PLENO  
1 DE ABRIL DE 2024**

**Sres./ Sras. Asistentes:**

**Sr. Alcalde-Presidente:**

**D. Eduardo J. Parga Veiga**

**Sres./Sras. Concelleiros/as:**

**D. Miguel Ángel Fernández Mirás**

**Dna. Noelia Freijeiro Novo**

**Dna. M<sup>a</sup> Soledad Blanco Gorín**

**D. Rodrigo Mato Garrido**

**D. Luis Miguel Fernández García**

**D. Walter Pardo Añón**

**D. Sergio Manuel García Villar**

**Dna. María Manuela Álvarez Rey**

**D. Miguel Ángel Varela Varela**

**D. Miguel Platas Rodríguez**

**D. Alfredo Cañizo Garrido**

**Escusa a súa asistencia:**

**D. José Ángel Garrido Suárez**

**Secretaria:**

**Dna. M<sup>a</sup> Loreto López Fernández**

No Salón de Plenos da Casa do Concello, sendo as 20:00 horas do día **un de abril de dous mil vinte e catro** e previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Eduardo J. Parga Veiga, asistidos da Secretaria da Corporación, Dna. M<sup>a</sup> Loreto López Fernández, os/as Sres./Sras. Concelleiros/as arriba expresados, asiste á sesión a Interventora da Corporación, Dna. Ana M<sup>a</sup> Iglesias Gato, ao obxecto de celebrar **sesión ordinaria**.

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, o Sr. Alcalde-Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendido na Orde do Día que é o seguinte:

**ORDE DO DÍA**

**PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 2 DE FEBREIRO DE 2024.**



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

De acordo co disposto no art. 91 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde-Presidente consulta aos/ás Sres./Sras. Concelleiros/as se desexan facer algunha observación a acta da **sesión ordinaria (2024/G010/00002) celebrada o día 2 de febreiro de 2024** e que estaba pendente de aprobar, non formulándose ningunha observación queda aprobada a mesma.

**2º.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 117/2024, DE DATA 18/03/2024, RELATIVA Á APROBACIÓN TRAS A SÚA CORRECCIÓN DO PROXECTO DE OBRA DENOMINADO “MELLORA DO FIRME EXISTENTE EN ACCESOS AO NÚCLEO DE LOROYO E ALGADÁN”, INCLUÍDO NO POS+ COMPLEMENTARIO 2024 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.**

Ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

O pleno do Concello de Malpica de Bergantiños, en sesión de data 02/02/2024, aprobou a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024” da Deputación Provincial da Coruña, e o Plan Complementario, aprobando os correspondentes proxectos de obra, entre os que se encontraba a “MELLORA DO FIRME EXISTENTE EN ACCESOS AO NÚCLEO DE LOROYO E ALGADÁN”.

O devandito acordo así como a restante documentación esixida polas bases reguladoras do Plan Provincial foi remitido á Deputación por medios telemáticos (a través da Plataforma SUBTEL).

Detectada unha deficiencia no proxecto referido a Deputación requiriu ao Concello para que procedera a súa emenda.

Comunicada esta circunstancia ao técnico redactor do proxecto, este procedeu a corrixir a deficiencia detectada e a presentación dun novo proxecto completo corrixido/emendado. O citado proxecto foi remitido ao organismo provincial para a súa “revisión”, comunicando telefonicamente a súa conformidade, sendo preciso proceder á aprobación do referido proxecto emendado/corrixido.

Considerando que a Deputación Provincial pretende aprobar no prazo máis breve posible o POS+2024, e considerando que a deficiencia detectada e xa corrixida non afectaba á natureza e finalidade do investimento a realizar nin a súa valoración económica, esta Alcaldía ditou a oportuna Resolución, en data 18/03/2024, acordando que a mesma fose sometida ao pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre para a súa ratificación, dando así cumprimento ao requirimento efectuado pola administración provincial.

Considerando, pois, os antecedentes anteriormente expostos é polo que se propón ao Pleno a adopción do seguinte, ACORDO:

**Primeiro:** Ratificar a Resolución da Alcaldía 117/2024, de data 18/03/2024, sendo esta do seguinte teor literal:



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

## “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** APROBACIÓN TRAS A SÚA CORRECCIÓN DO PROXECTO DE OBRA DENOMINADO “MELLORA DO FIRME EXISTENTE EN ACCESOS AO NÚCLEO DE LOROXXO E ALGADÁN”, INCLUÍDO NO POS+ COMPLEMENTARIO 2024 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

**EXPEDIENTE:** 2024/A008/000003

O pleno do Concello de Malpica de Bergantiños, en sesión de data 02/02/2024, aprobou a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024” da Deputación Provincial da Coruña, aprobando os correspondentes proxectos de obra entre o que estaba o Plan complementario denominado “MELLORA DO FIRME EXISTENTE EN ACCESOS AO NÚCLEO DE LOROXXO E ALGADÁN”.

O devandito acordo así como a restante documentación esixida polas bases reguladoras do Plan Provincial foi remitido á Deputación por medios telemáticos (a través da Plataforma SUBTEL), en data 05/02/2024 e núm. Rexistro: 202499900009791.

A Deputación Provincial da Coruña a través da plataforma SUBTEL en data 01/03/2024 e núm. de entrada SUBTEL: 202499900024927 comunica unha deficiencia no proxecto de obra anterior, redactado polo arquitecto Manuel Rodríguez Mourelle, ao figurar unha partida de control de calidade cun importe de 650 euros, que de acordo co disposto na Base 5.B.2.1 das bases reguladoras do POS+ 2024 non é subvencionable.

Comunicada ao arquitecto proxectista a citada deficiencia, con data 12/03/2024 (RXE núm. 202499900000313), este presenta o proxecto rectificad, eliminando no resume xeral do orzamento a partida de control de calidade, 650 €, e incrementando en 650 € a partida de tratamentos asfálticos e imprevistos neste pequeno importe de 650 €, polo que non se varía a contía final de execución por contrata de 132.832,18 euros, que é/era o que aconsella organismo provincial.

O proxecto rectificad envíase á Deputación Provincial para a súa supervisión a través da plataforma SUBTEL en data de 12/03/2024 núm. rexistro SUBTEL 202499900028675, comunicando esta telefonicamente o seu pláctet/conformidade.

Visto que a Deputación Provincial pretende aprobar á maior brevidade o POS+ 2024 e considerando que a deficiencia detectada e xa corrixida non afecta á natureza e finalidade do investimento a realizar nin a súa valoración económica total, polo que queda inalterado o contido substancial do proxecto aprobado no seu día polo pleno, é polo que en uso das facultades que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO :

**Primeiro:** Aprobar o novo proxecto técnico emendado (documento completo) :

	POS+ COMPLEMENTARIO 2024
DENOMINACIÓN DO PROXECTO	MELLORA DO FIRME EXISTENTE EN ACCESOS AO NÚCLEO DE LOROXXO E ALGADÁN
TÉCNICO REDACTOR DO PROXECTO	ARQUITECTO, D. MANUEL RODRÍGUEZ MOURELLE
ORZAMENTO TOTAL	132.832,18 €



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**Segundo:** Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre a partir da data da presente resolución, para o seu coñecemento e ratificación.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M<sup>a</sup> Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)”.

**Segundo:** Dar traslado do presente á Deputación Provincial de A Coruña.

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “A Deputación Provincial da Coruña comunica ao Concello unha deficiencia no proxecto desta obra redactado polo arquitecto Manuel Rodríguez Mourelle. Neste proxecto figura unha partida destinada a control de calidade por importe de 650 €. De acordo co disposto na base 5.B.2.1 das bases reguladoras do POS+ 2024, esta partida non é subvencionable. Comunicada ao arquitecto proxectista a citada deficiencia, este presenta o proxecto rectificadado que consistiu en eliminar no resumo xeral do orzamento eses 650 € da partida de control de calidade e incrementar en 650 € a partida de tratamentos asfálticos.

Como xa dixemos na Comisión Informativa de Asuntos xerais, parécenos pouco serio esta forma de proceder, tanto por parte do arquitecto redactor do proxecto, como da Deputación como por parte do Concello, xa que a pesares de que é unha cantidade pequena, se esa partida non é subvencionable, o máis xusto sería eliminala do proxecto e non aumentala noutra partida. Polo tanto, neste punto nos imos abster”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Nós cando vimos corrección do proxecto do núcleo de Loroxo e Algadán pensamos que por fin iades incluír nesa modificación o cacho que falta por chegar a última casa de Loroxo, son 25 metros lineais e pensamos que iades chegar alí co aglomerado e logo, cando vimos o informe xa vimos que era por unha deficiencia técnica e xa nos entristecemos porque aproveitando que hai unha deficiencia técnica tamén se podería aproveitar para ampliar e non discriminar unha casa de Loroxo, que son cinco, e chegar co proxecto ata esa casa.

A Deputación en 15 días informa se o concello di que pon os cartos porque non varía a cifra económica só varía 25 metros de proxecto e o informe é de 15 días, contestan rápido, a Deputación contesta a 93 concellos, non vai esperar por Malpica para aprobar o POS, que espera por todos, con os 93 concellos e coa cantidade de proxectos que hai, anda que non hai modificacións de proxectos...

A diferenza económica que pode haber de chegar a única casa que queda é de 1.000 €, se se aproveitaran as máquinas e se modificara o proxecto... a diferenza son 1.000 €, porque as máquinas están alí ... a nosa desilusión foi ver que era por 650 € da parte técnica, se podía aproveitar e chegar a única casa que queda sen unha entrada decente, como dixo Ángel no pleno anterior o núcleo de Loroxo son cinco casas e unha queda sen un acceso decente coma as outras. Nós nos imos abster neste punto”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

**Votos a favor: 7 (6 do grupo municipal do PP e 1 do grupo mixto-AIM)**  
**Votos en contra: 0**



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**Abstencións: 5 (3 grupo municipal do PSdeG-PSOE e 2 do grupo municipal do BNG)**

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

**3º.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 119/2024, DE DATA 19/03/2024, RELATIVA Á CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DO CONCELLO, NA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 2 DE FEBREIRO DE 2024, "POS+ ADICIONAL 1/2024" DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.**

Ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

O pleno do Concello de Malpica de Bergantiños, en sesión de data 02/02/2024, acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 1/2024" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

O devandito acordo así como a restante documentación esixida polas bases reguladoras do Plan foi remitido ao organismo provincial por medios telemáticos (Plataforma SUBTEL).

A Deputación da Coruña ten detectado e posto en coñecemento do concello a existencia dun erro no citado acordo plenario. Así no/s cadro/s do devandito acordo, cando se suma o importe das columnas A, B e C figura a cantidade de 56.533,68 € sendo a cantidade/importe correcto de 56.533,64 €.

Considerando que se trata dun erro de feito, en concreto un erro aritmético (erro na suma do importe das columnas).

Atendendo a que o erro de feito/aritmético segundo a xurisprudencia caracterízase por "*ser ostensible, manifesto, e indiscutible, implicando por si solo, a evidencia do mesmo sen maiores razoamentos e exteriorizándose "prima facie" pola súa sola contemplación (fronte ao carácter de cualificación xurídica, seguida nunha declaración baseada nela, que ostenta o error de dereito).*"

Atendendo a que para poder aplicar o mecanismo procedimental de rectificación de erros materiais, de feito ou aritmético previsto no art. 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se require que concorran en esencia as seguintes circunstancias:

1ª.- Ter realidade independente da opinión, ou criterio de interpretación das normas xurídicas establecidas.

2ª.- Poder observarse tendo exclusivamente en conta os datos do expediente administrativo.

3ª.- Poder rectificarse sen que padeza a subsistencia xurídica do acto que o contén.

Atendendo a que as circunstancias anteriormente enumeradas concorren neste caso e que a Deputación ten solicitado que se proceda a subsanación/emenda deste erro e que o correspondente acordo sexa/fora remitido a través da plataforma SUBTEL no prazo de dez días hábiles, esta Alcaldía ditou a oportuna Resolución, en data 19/03/2024, acordando



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

que da mesma se dese conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre para o seu coñecemento e ratificación, dando así cumprimento ao solicitado polo organismo provincial.

Considerando, pois, os antecedentes anteriormente expostos é polo que se propón a adopción do seguinte,

#### ACORDO:

**Primeiro:** Ratificar a resolución da alcaldía 119/2024, de data 19/03/2024, sendo esta do seguinte teor literal:

#### “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DO CONCELLO NA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 2 DE FEBREIRO DE 2024, “POS+ ADICIONAL 1/2024” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

**EXPEDIENTE:** 2023/A008/000041

O pleno do Concello de Malpica de Bergantiños, en sesión de data 02/02/2024, acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

O devandito acordo así como a restante documentación esixida polas bases reguladoras do Plan foi remitido ao organismo provincial por medios telemáticos (Plataforma SUBTEL).

A Deputación da Coruña ten detectado e posto en coñecemento do concello a existencia dun erro no citado acordo plenario. Así no/s cadro/s do devandito acordo, cando se suma o importe das columnas A, B e C figura a cantidade de 56.533,68 € sendo a cantidade/ importe correcto de 56.533,64 €.

Considerando que se trata dun erro de feito, en concreto un erro aritmético (erro na suma do importe das columnas).

Atendendo a que o erro de feito/aritmético segundo a xurisprudencia caracterízase por “*ser ostensible, manifesto, e indiscutible, implicando por si solo, a evidencia do mesmo sen maiores razoamentos e exteriorizándose “prima facie” pola súa sola contemplación (frente ao carácter de cualificación xurídica, seguida nunha declaración baseada nela, que ostenta o error de dereito).*”

Atendendo a que para poder aplicar o mecanismo procedimental de rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos previsto no art. 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se require que concorran en esencia as seguintes circunstancias:

1ª.- Ter realidade independente da opinión, ou criterio de interpretación das normas xurídicas establecidas.

2ª.- Poder observarse tendo exclusivamente en conta os datos do expediente administrativo.

3ª.- Poder rectificarse sen que padeza a subsistencia xurídica do acto que o contén.

Atendendo a que as circunstancias anteriormente enumeradas concorren neste caso e que a Deputación ten solicitado que se proceda a subsanación/emenda deste erro e que o correspondente acordo sexa remitido a través da plataforma SUBTEL no prazo de dez días hábiles, é polo que en uso das facultades que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

#### ACORDO:



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**Primeiro:** Corrixir o/s devanditos erro/s aritmético/s, quedando redactado o acordo plenario, do seguinte xeito (só se corrixe/n a/s táboa/s e/ou cela/s afectadas polo erro):

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2024</b>	<b>ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO</b>	<b>PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024</b>	<b>OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO</b>
<b>GASTO CORRENTE</b>	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
.../	.../	.../	.../	.../	.../
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	<b>56.533,64 €</b>	0,00 €	<b>56.533,64 €</b>	<b>56.533,64 €</b>	<b>0,00 €</b>

	<b>PREVISIÓN DE GASTOS</b>	<b>ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO</b>	<b>IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024</b>	<b>OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO</b>
<b>TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024</b>	<b>56.533,64 €</b>	0,00 €	<b>56.533,64 €</b>	<b>56.533,64 €</b>	<b>0,00 €</b>

<b>I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES</b>	<b>56.533,64 €</b>
<b>II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)</b>	<b>0,00 €</b>
<b>III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)</b>	<b>0,00 €</b>
<b>TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)</b>	<b>56.533,64 €</b>

**Segundo:** Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente Resolución para o seu coñecemento e ratificación.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M<sup>a</sup> Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)“.

**Segundo:** Dar traslado do presente á Deputación Provincial de A Coruña.



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “É un erro na suma dos importes de catro céntimos. A nosa postura vai ser a abstención”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

**Votos a favor: 7 (6 do grupo municipal do PP e 1 do grupo mixto-AIM)**  
**Votos en contra: 0**  
**Abstencións: 5 (3 grupo municipal do PSdeG-PSOE e 2 do grupo municipal do BNG)**

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

**4º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 18, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ENSINANZAS ESPECIAIS EN ESTABLECEMENTOS DOCENTES.**

Ditame da Comisión Especial de Contas.

**ANTECEDENTES**

1.- En data 23 de febreiro de 2024 a Xunta de Goberno Local acordou a modificación da ordenanza núm. 20 de normas xerais para o establecemento ou modificación de prezos públicos (expediente 2024/G014/000001). Entre os cambios propostos están os dos seguintes epígrafes:

- Epígrafe 2. Servizo de obradoiro de animación teatral.  
Modalidade: por asistencia ao obradoiro de animación teatral (cota mensual). Cota: 15,00 €.”
- Epígrafe 3. Servizo de obradoiro de manualidades: actualizar as cotas dos obradoiros:
  - o Por asistencia ao obradoiro de manualidades infantil: 12,00 €.
  - o Por asistencia ao obradoiro de manualidades de adultos: 12,00 € (cunha hora semanal de clase).
  - o Por asistencia ao obradoiro de manualidades de adultos: 15,00 € (cunha hora e media semanal de clase).
  - o Por asistencia ao obradoiro de manualidades de adultos: 18,00 € (con dúas horas semanais de clase).”

Actualmente a ordenanza fiscal núm. 18, reguladora da taxa pola prestación do servizo de ensinanzas especiais en establecementos docentes, contempla os seguintes feitos impoñibles:

Establecemento municipal	Especialidade de ensinanza solicitada
Epígrafe 1. Ensinanzas da Escola Municipal de Actividades Escénicas (EMAE)	Danza tradicional, gaita, canto tradicional, fruta, percusión e teatro
Epígrafe 2. Ensinanzas da Aula municipal da Arte	Artes plásticas





CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

(AMA)	
-------	--

No informe de intervención que figura nese expediente recoméndase suprimir estes epígrafes para evitar confusión cos recollidos nos prezos públicos da ordenanza núm. 20 tendo en conta ademais que a día de hoxe non existen eses “establecementos municipais”. Por este motivo dítase providencia de alcaldía incoando este expediente.

2.- A interventora municipal emite informe favorable á modificación desta taxa en data 4 de marzo de 2024.

3.- Consta informe da secretaria municipal asinado en data 18 de marzo de 2024.

Á vista do anterior propónse a adopción do seguinte,

ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar a modificación da ordenanza fiscal número 18, reguladora da taxa pola prestación do servizo de ensinanzas especiais en establecementos docentes, que quedará redactada do seguinte xeito:

**“ORDENANZA FISCAL NÚMERO 18, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE ENSINANZAS ESPECIAIS EN ESTABLECEMENTOS DOCENTES DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS.**

#### **ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa pola prestación do servizo de ensinanzas especiais en establecementos docentes do Concello de Malpica de Bergantiños, que se rexerá por esta ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado TRLFL.

#### **ARTIGO 2º. SERVIZO PÚBLICO LOCAL**

Entenderase como servizo o público local do Concello de Malpica de Bergantiños, a efectos da aplicación da presente ordenanza fiscal, o prestado conforme as competencias atribuídas no artigo 25, 26.1 e 85 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

#### **ARTIGO 3º. FEITO IMPOÑIBLE**

1.-De acordo co previsto nos artigos 58 e 20 .4 v) Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos de ensinanzas especiais impartidas nos seguintes establecementos docentes do Concello de Malpica de Bergantiños: Escola Municipal de Educación Física (EMEF).

2.-Terán a consideración de feitos impositivos regulados na presente ordenanza fiscal as actividades municipais xestionadas neses establecementos docentes desenvolvidas con motivo da prestación dos servizos de ensinanzas especiais.



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

## ARTIGO 4º. DEVINDICACIÓN

1.-A taxa considerarase devindicada, nacendo a obriga de contribuír coa iniciación da prestación del servizo, aínda que poderá esixirse o depósito previo do seu importe total coa solicitude do mesmo.

2.-O período impositivo para tódalas ensinanzas especiais impartidas coincide co mes natural, devindicándose a taxa o primeiro día do período impositivo.

3.-No caso de cese na utilización do servizo, os suxeitos pasivos deberán solicita-la súa baixa ou cese con anterioridade e ó inicio mes natural en que a devandita baixa producirá efectos.

## ARTIGO 5º. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, da Lei Xeral Tributaria, que soliciten os servizos de ensinanzas especiais impartidas nos centros docentes indicados no apartado 1 do artigo 3º

## ARTIGO 6º. RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refiren o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal e liquidadores de sociedades e entidades adquirentes de bens afectos por lei ao pago da débeda tributaria e as persoas ou entidades que contraten ou subcontraten a execución das obras ou a prestación de servizos correspondentes a súa actividade económica principal, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria

## ARTIGO 7º. BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE

A base imponible estará constituída polo número de usuarios e a modalidade de ensinanza especial que sexa solicitada por mes, sendo determinada pola aplicación da seguinte táboa:

Establecemento municipal	Especialidade de ensinanza solicitada	Elemento para a determinación da base imponible
Epígrafe 1.-Ensinanzas da Escola Municipal de Educación Física (EMEF)	Fútbol sala, balonmán, baloncesto, ximnasia rítmica, aerobio infantil, psicomotricidade, atletismo e tenis de mesa, etc.	N.º de usuarios e n.º de especialidades de ensinanza solicitadas por mes
	Aerobio e mantemento de adultos	N.º de usuarios da actividade solicitada por mes



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Establecemento municipal	Especialidade de ensinanza solicitada	Elemento para a determinación da base impoñible
	Escolas de verán	N.º de usuarios da actividade solicitada por mes

## ARTIGO 8º. COTAS TRIBUTARIAS

As cotas tributarias esixiranse por aplicación do seguinte cadro de tarifas:

Establecemento docente municipal	Tarifa	Cota mensual por usuario
Epígrafe 1.-Ensinanzas da Escola Municipal de Educación Física (EMEF)	Por cada unha das ensinanzas de fútbol sala, balonmán, baloncesto, ximnasia rítmica, aerobio infantil, psicomotricidade, atletismo e tenis de mesa, etc. por usuario	2,17
	Por cada unha das ensinanzas Aerobio e mantemento de adultos por usuario e mes	10,85
	Pola participación en cada a Escola de Verán por usuario	21,71

## ARTIGO 9º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

De conformidade co disposto no artigo 9 Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais non se concederá exención ou bonificación ningunha respecto á taxa regulada pola presente ordenanza, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou os expresamente previstos con rango de Lei.

## ARTIGO 10º. NORMAS DE XESTIÓN

1.-Os suxeitos pasivos por aplicación da presente Ordenanza Fiscal deberán solicitar a prestación dos servizos de ensinanzas especiais en establecementos docentes do Concello de Malpica de Bergantiños con anterioridade á utilización do citado servizo.

2.- As autorizacións para a realizar o uso do servizo de ensinanzas especiais en establecementos docentes do Concello de Malpica de Bergantiños, serán outorgadas polo Alcalde-Presidente do Concello de Malpica de Bergantiños de acordo co artigo 21.1 II) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 24 do Real Decreto Legislativo 781/1986, quen poderá delega a concesión das presentes autorizacións no funcionario encargado da xestión de cada un dos establecementos docentes municipais.

3.-Cando se presente a solicitude ou se inicie o expediente os suxeitos pasivos pola utilización dos servizos regulados na presente ordenanza fiscal estarán obrigados a ingresar o importe de taxa en concepto de depósito previo correspondente unha cota



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

mensual, de acordo co artigo 26.1.a) Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais . O importe de taxa en concepto de depósito previo será autoliquidado polo suxeito pasivo, especificando a modalidade de ensinanza solicitada e mes ou meses para o cal se solicita o servizo. Non se tramitará o expediente nin se permitirá o uso do servizo ata que se teña efectuado o pagamento correspondente.

4.-Tramitado o correspondente expediente, e comprobado o importe de taxa en concepto de depósito previo autoliquidado polo suxeito pasivo, procederase á autorización para a utilización do servizo solicitado mediante a oportuna notificación de alta na actividade ou actividade solicitadas, elevándose o depósito previo a liquidación definitiva ó concederse a autorización solicitada.

5.-Os interesados, no suposto de denegación da autorización poderán solicita-la devolución do importe do depósito previo.

#### **ARTIGO 11º. ADMINISTRACIÓN E COBRANZA**

1.-As cotas esixibles serán liquidadas polo servizo solicitado, sendo irredutibles polo período impositivo sinalado no artigo 4.º da presente Ordenanza Fiscal.

2.-Autorizada a utilización do servizo de ensinanzas especiais en establecementos docentes do Concello, entenderase prorrogado automaticamente por un novo período impositivo, ata que se solicite a baixa polo interesado, ou sexa declarada a súa caducidade. A tal fin a administración municipal elaborará mensualmente unha lista de cobro das persoas ou entidades obrigadas ó pagamento, que deberá ser aprobado definitivamente antes do día 15 día de cada mes.

3.-Os contribuíntes deberán ingresar o importe das cotas tributarias liquidadas mediante a referida lista de cobro nas Oficinas deste Concello ou Entidades Financeiras Colaboradoras no período comprendido entre o día 1 e 15 do mes seguinte ó período liquidado.

4.-Nos casos de presentación da baixa por cese na utilización do servizo ensinanzas especiais en establecementos docentes do Concello, esta producirá efectos a partir do mes seguinte ó que se teña efectuada a presentación. A non presentación da baixa determinará a obriga de seguir aboando a taxa.

5.-O cobro da taxa polos servizos de ensinanzas especiais en establecementos docentes do concello realizase mediante recibos mensuais. A cota que non se fíxese efectiva, dentro do período comprendido entre o día 1 e 15 do mes seguinte ó período liquidado esixirase pola vía de constrinximento ós suxeitos pasivos pola presente taxa.

#### **ARTIGO 12º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN. S.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 1 de abril de 2024**

**12/47**

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).*



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse ata que se acorde a súa derogación ou modificación expresa.”

**Segundo.-** Expor ao público o acordo adoptado durante un período de trinta días mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da corporación.

**Terceiro.-** No caso de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública o acordo considerárase definitivo e, de conformidade co artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, publicarase o mesmo co texto íntegro da modificación no Boletín Oficial da Provincia entrando en vigor ao día seguinte desa publicación.

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “Unha vez visto o informe de intervención, onde se recomenda suprimir o epígrafe 1 e 2 desta Ordenanza Fiscal número 18, referidas á Escola Municipal de Actividades Escénicas (EMAE) e á Aula Municipal da Arte (AMA) para evitar confusión cos recollidos nos prezos públicos da Ordenanza número 20, o noso voto vai ser a abstención”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

**Votos a favor: 7 (6 do grupo municipal do PP e 1 do grupo mixto-AIM)**  
**Votos en contra: 0**  
**Abstencións: 5 (3 grupo municipal do PSdeG-PSOE e 2 do grupo municipal do BNG)**

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Especial de Contas.

#### **5º.- APROBACIÓN INICIAL DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2024.**

Dáse lectura ao ditame da Comisión Especial de Contas.

#### **Antecedentes:**

1.- Mediante de providencia de alcaldía de data 12 de marzo de 2024 dispúxose a incoación dun expediente de modificación do orzamento mediante un suplemento de crédito nas seguintes aplicacións de gasto:

APLICACIÓN	N.V.X./ PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
132.22103	1.2	Seguridade. Combustibles e carburantes	516,00 €
132.22104	1.2	Seguridade. Vestiario	1.208,79 €
132.22199	1.2	Seguridade. Traballos realizados por outras empresas	1.598,73 €
135.20500	1.2	Protección civil. Aluguer de mobiliario e aveños	3.723,11 €



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

APLICACIÓN	N.V.X./ PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
135.21300	1.2	Protección civil. Maquinaria e instalacións	1.476,20 €
135.21600	1.2	Protección civil. Equipos para procesos de información	194,08 €
135.22103	1.2	Protección civil. Combustibles e carburantes	407,15 €
135.22199	1.2	Protección civil. Outras subministracións	114,59 €
135.22799	1.2	Protección civil. Traballos realizados por outras empresas	60,50 €
150.22799	1.2	Urbanismo. Traballos realizados por outras empresas	5.921,52 €
1532.22799	1.2	Pavimentación de vías públicas. Traballos realizados por outras empresas	26.388,89 €
160.22100	1.2	Sumidoiros. Enerxía eléctrica	36.879,19 €
160.22199	1.2	Sumidoiros. Outras subministracións	3.259,75 €
160.22799	1.2	Sumidoiros. Traballos realizados por outras empresas	73.705,69 €
161.22100	1.2	Abastecemento de auga potable. Enerxía eléctrica	90.419,54 €
161.22103	1.2	Abastecemento de auga potable. Combustibles e carburantes	729,00 €
161.22199	1.2	Abastecemento de auga potable. Outras subministracións	17.369,06 €
161.22799	1.2	Abastecemento de auga potable. Traballos realizados por outras empresas	17.791,10 €
163.22700	1.2	Limpeza viaria. Limpeza e aseo	4.782,57 €
1622.22799	1.2	Xestión de RSU. Traballos realizados por outras empresas	14.238,34 €
1623.22799	1.2	Tratamento de RSU. Traballos realizados por outras empresas	43.073,58 €
165.22100	1.2	Alumeado público. Enerxía eléctrica	68.690,09 €
165.22706	1.2	Alumeado público. Estudos e traballos técnicos	692,12 €
1722.20400	1.2	Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Aluguer de elementos de transporte	9.153,65 €
1722.20500	1.2	Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Aluguer de mobiliario e afeños	2.087,25 €
1722.21300	1.2	Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Maquinaria e instalacións	1.426,95 €
1722.21400	1.2	Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Elementos de transporte	1.639,26 €
1722.22103	1.2	Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Combustibles e carburantes	6.681,76 €
1722.22111	1.2	Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Subministracións de maquinaria	6.426,54 €
1722.22199	1.2	Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Outras subministracións	6.539,17 €
1722.22799	1.2	Outras actuacións relacionadas co MA. Traballos realizados por outras empresas	3.619,50 €
132.62300	1.6	Seguridade. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe	2.779,69 €
150.61900	1.6	Urbanismo. Outros investimentos de reposición en infraestruturas	1.027,29 €
150.62500	1.6	Urbanismo. Mobiliario	3.009,54 €
1532.60900	1.6	Pavimentación de vías públicas. Investimentos novos en infraestruturas	997,04 €
1532.61900	1.6	Pavimentación de vías públicas. Outros investimentos de reposición en infraestruturas	657,72 €
1532.61900	2022/4/BEPIB/1	Mellora da pavimentación dos camiños en Beo, Piñeiros e Bicerrán	42.772,99 €
1532.61900	2022/4/SANXU/1	Acondicionamentos na parroquia de San Xulián: rúa As Neves e camiño na Pedreiraña	38.459,51 €
160.61900	1.6	Sumidoiros. Outros investimentos de reposición en infraestruturas	5.564,57 €
160.62300	1.6	Sumidoiros. Maquinaria, instalacións e utillaxe	4.650,25 €
160.62500	1.6	Sumidoiros. Mobiliario	5.293,75 €



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

APLICACIÓN	N.V.X./ PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1621.62500	1.6	Recollida de residuos. Mobiliario	4.807,33 €
165.61900	1.6	Alumeado público. Outros investimentos de reposición en infraestruturas	278,30 €
165.62300	1.6	Alumeado público. Maquinaria, instalacións e utillaxe	1.676,73 €
1722.62300	1.6	Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Maquinaria, instalacións e utillaxe	499,00 €
1722.62500	1.6	Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Mobiliario	2.554,55 €
231.20500	2.2	Asistencia social primaria. Aluguer de mobiliario e aveños	1.452,00 €
231.22105	2.2	Asistencia social primaria. Produtos alimenticios	1.810,00 €
231.22199	2.2	Asistencia social primaria. Outras subministracións	1.603,24 €
231.22601	2.2	Asistencia social primaria. Atencións protocolarias	958,24 €
231.22602	2.2	Asistencia social primaria. Publicidade e progaganda	1.314,90 €
231.22699	2.2	Asistencia social primaria. Outros gastos diversos	646,26 €
231.22799	2.2	Asistencia social primaria. Traballos realizados por outras empresas	1.991,86 €
241.22602	2.2	Fomento do emprego. Publicidade e progaganda	360,58 €
241.22799	2.2	Fomento do emprego. Traballos realizados por outras empresas	80,00 €
311.22799	3.2	Protección da salubridade pública. Traballos realizados por outras empresas	508,20 €
312.21300	3.2	Centros de saúde. Maquinaria e instalacións	1.998,89 €
312.22100	3.2	Centros de saúde. Enerxía eléctrica	2.080,93 €
312.22799	3.2	Salubridade pública. Traballos realizados por outras empresas	1.041,81 €
323.21200	3.2	Centros de ensinanza. Edifícios e outras construcións	7.617,91 €
323.21300	3.2	Centros de ensinanza. Maquinaria e instalacións	76,48 €
323.22100	3.2	Centros de ensinanza. Enerxía eléctrica	10.370,13 €
323.22199	3.2	Centros de ensinanza. Outras subministracións	84,40 €
323.22699	3.2	Centros de ensinanza. Outros gastos diversos	121,00 €
323.22700	3.2	Centros de ensinanza. Limpeza e aseo	925,65 €
323.22799	3.2	Centros de ensinanza. Traballos realizados por outras empresas	121,00 €
323.61900	3.6	Centros de ensinanza. Outros investimentos de reposición en infraestruturas	9.952,25 €
330.21300	3.2	Cultura. Maquinaria e instalacións	446,20 €
330.22100	3.2	Cultura. Enerxía eléctrica	3.117,40 €
330.22103	3.2	Cultura. Combustibles e carburantes	4.067,63 €
330.22199	3.2	Cultura. Outras subministracións	1.122,39 €
330.22300	3.2	Cultura. Transportes	191,95 €
330.22601	3.2	Cultura. Atencións protocolarias	631,50 €
330.22699	3.2	Cultura. Outros gastos diversos	1.815,00 €
330.22799	3.2	Cultura. Traballos realizados por outras empresas	26.076,11 €
3321.22001	3.2	Bibliotecas públicas. Prensa, revistas, libros e outras publicacións	1.683,67 €
333.21200	3.2	Equipamentos culturais e museos. Edifícios e outras construcións	2.178,00 €
333.21300	3.2	Equipamentos culturais e museos. Maquinaria e instalacións	5.475,63 €
333.22100	3.2	Equipamentos culturais e museos. Enerxía eléctrica	1.253,30 €
333.22103	3.2	Equipamentos culturais e museos. Combustibles e carburantes	691,69 €



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

APLICACIÓN	N.V.X./ PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
333.22199	3.2	Equipamentos culturais e museos. Outras subministracións	447,32 €
333.22699	3.2	Equipamentos culturais e museos. Outros gastos diversos	575,07 €
333.22799	3.2	Equipamentos culturais e museos. Traballos realizados por outras empresas	3.501,74 €
334.22199	3.2	Promoción cultural. Outras subministracións	303,34 €
334.22602	3.2	Promoción cultural. Publicidade e propaganda	1.700,05 €
334.22609	3.2	Promoción cultural. Actividades culturais e deportivas	1.400,19 €
334.22699	3.2	Promoción cultural. Outros gastos diversos	192,12 €
336.22799	3.2	Protección do patrimonio histórico-artístico. Traballos realizados por outras empresas	157,30 €
338.20300	3.2	Festas populares e fesexos. Aluguer de maquinaria e instalacións	14.739,40 €
338.20500	3.2	Festas populares e fesexos. Aluguer de mobiliario e aveños	38.441,64 €
338.22602	3.2	Festas populares e fesexos. Publicidade e propaganda	2.716,45 €
338.22699	3.2	Festas populares e fesexos. Outros gastos diversos	5.575,00 €
338.22799	3.2	Festas populares e fesexos. Traballos realizados por outras empresas	34.020,08 €
340.22199	3.2	Deportes. Outras subministracións	4.289,34 €
340.22300	3.2	Deportes. Transportes	418,00 €
340.22699	3.2	Deportes. Outros gastos diversos	1.979,83 €
340.22799	3.2	Deportes. Traballos realizados por outras empresas	114,95 €
342.21200	3.2	Instalacións deportivas. Edificios e outras construcións	5.538,11 €
342.21300	3.2	Instalacións deportivas. Maquinaria e instalacións	11.896,93 €
342.22100	3.2	Instalacións deportivas. Enerxía eléctrica	14.331,26 €
342.22799	3.2	Instalacións deportivas. Traballos realizados por outras empresas	19.952,13 €
4312.21200	4.2	Mercados, abastos e lonxas. Edificios e outras construcións	3.062,51 €
4312.22100	4.2	Mercados, abastos e lonxas. Enerxía eléctrica	1.362,99 €
4319.22199	4.2	Olería. Outras subministracións	147,50 €
4319.22699	4.2	Olería. Outros gastos diversos	169,40 €
432.20300	4.2	Turismo. Aluguer de maquinaria e instalacións	907,50 €
432.20500	4.2	Turismo. Aluguer de mobiliario e aveños	3.025,00 €
432.22199	4.2	Turismo. Outras subministracións	4.319,40 €
432.22601	4.2	Turismo. Atencions protocolarias	2.738,41 €
432.22602	4.2	Información e promoción turística. Publicidade e progapaganda	3.498,09 €
432.22699	4.2	Turismo. Outros gastos diversos	27.426,30 €
433.22799	4.2	Desenrolo empresarial. Traballos realizados por outras empresas	344,85 €
454.22799	4.2	Camiños veciñais. Traballos realizados por outras empresas	2.904,00 €
920.21300	9.2	Administración xeral. Maquinaria, instalacións e utillaxe	2.053,07 €
920.22000	9.2	Administración xeral. Material de oficina ordinario non inventariable	1.275,46 €
920.22002	9.2	Administración xeral. Material informático non inventariable	230,61 €
920.22100	9.2	Administración xeral. Enerxía eléctrica	4.214,63 €
920.22103	9.2	Administración xeral. Combustibles e carburantes	519,00 €
920.22199	9.2	Administración xeral. Outras subministracións	77,44 €





CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

APLICACIÓN	N.V.X./ PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
920.22200	9.2	Administración xeral. Servizos de telecomunicacións	4.204,85 €
920.22602	9.2	Administración xeral. Publicidade e propaganda	2.577,30 €
920.22604	9.2	Administración xeral. Xurídicos e contenciosos	2.846,00 €
<b>TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO</b>			<b>889.902,69 €</b>

2.- Consta memoria de alcaldía xustificativa da modificación, asinada dixitalmente en data 13 de marzo de 2024, onde se explica a finalidade e xustificación deste suplemento.

3.- O concepto de ingreso con cargo ao cal se suplementan eses créditos é o remanente de tesouraría para gastos xerais da liquidación do exercicio 2023, que ascendeu a 1.121.742,36 euros e dos que hai dispoñibles 1.045.365,91 euros.

4.- A interventora municipal emite informe favorable á tramitación do expediente en data 14 de marzo de 2024.

En consecuencia e de conformidade co establecido no artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propónse a adopción do seguinte,

#### ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o suplemento de crédito 1/2024 por un importe total de 889.902,69 euros nas seguintes aplicacións do orzamento corrente, financiado con remanente de tesouraría para gastos xerais da liquidación do orzamento do ano 2023 (concepto 870.00):

APLICACIÓN	N.V.X./ PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
132.22103	1.2	Seguridade. Combustibles e carburantes	516,00 €
132.22104	1.2	Seguridade. Vestiario	1.208,79 €
132.22199	1.2	Seguridade. Traballos realizados por outras empresas	1.598,73 €
135.20500	1.2	Protección civil. Aluguer de mobiliario e aveños	3.723,11 €
135.21300	1.2	Protección civil. Maquinaria e instalacións	1.476,20 €
135.21600	1.2	Protección civil. Equipos para procesos de información	194,08 €
135.22103	1.2	Protección civil. Combustibles e carburantes	407,15 €
135.22199	1.2	Protección civil. Outras subministracións	114,59 €
135.22799	1.2	Protección civil. Traballos realizados por outras empresas	60,50 €
150.22799	1.2	Urbanismo. Traballos realizados por outras empresas	5.921,52 €
1532.22799	1.2	Pavimentación de vías públicas. Traballos realizados por outras empresas	26.388,89 €
160.22100	1.2	Sumidoiros. Enerxía eléctrica	36.879,19 €
160.22199	1.2	Sumidoiros. Outras subministracións	3.259,75 €
160.22799	1.2	Sumidoiros. Traballos realizados por outras empresas	73.705,69 €
161.22100	1.2	Abastecemento de auga potable. Enerxía eléctrica	90.419,54 €
161.22103	1.2	Abastecemento de auga potable. Combustibles e carburantes	729,00 €
161.22199	1.2	Abastecemento de auga potable. Outras subministracións	17.369,06 €



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

APLICACIÓN	N.V.X./ PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
161.22799	1.2	Abastecemento de auga potable. Traballos realizados por outras empresas	17.791,10 €
163.22700	1.2	Limpeza viaria. Limpeza e aseo	4.782,57 €
1622.22799	1.2	Xestión de RSU. Traballos realizados por outras empresas	14.238,34 €
1623.22799	1.2	Tratamento de RSU. Traballos realizados por outras empresas	43.073,58 €
165.22100	1.2	Alumeado público. Enerxía eléctrica	68.690,09 €
165.22706	1.2	Alumeado público. Estudos e traballos técnicos	692,12 €
1722.20400	1.2	Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Aluguer de elementos de transporte	9.153,65 €
1722.20500	1.2	Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Aluguer de mobiliario e aveños	2.087,25 €
1722.21300	1.2	Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Maquinaria e instalacións	1.426,95 €
1722.21400	1.2	Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Elementos de transporte	1.639,26 €
1722.22103	1.2	Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Combustibles e carburantes	6.681,76 €
1722.22111	1.2	Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Subministracións de maquinaria	6.426,54 €
1722.22199	1.2	Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Outras subministracións	6.539,17 €
1722.22799	1.2	Outras actuacións relacionadas co MA. Traballos realizados por outras empresas	3.619,50 €
132.62300	1.6	Seguridade. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe	2.779,69 €
150.61900	1.6	Urbanismo. Outros investimentos de reposición en infraestruturas	1.027,29 €
150.62500	1.6	Urbanismo. Mobiliario	3.009,54 €
1532.60900	1.6	Pavimentación de vías públicas. Investimentos novos en infraestruturas	997,04 €
1532.61900	1.6	Pavimentación de vías públicas. Outros investimentos de reposición en infraestruturas	657,72 €
1532.61900	2022/4/BEPIB/1	Mellora da pavimentación dos camiños en Beo, Piñeiros e Bicerrán	42.772,99 €
1532.61900	2022/4/SANXU/1	Acondicionamentos na parroquia de San Xulián: rúa As Neves e camiño na Pedreiraña	38.459,51 €
160.61900	1.6	Sumidoiros. Outros investimentos de reposición en infraestruturas	5.564,57 €
160.62300	1.6	Sumidoiros. Maquinaria, instalacións e utillaxe	4.650,25 €
160.62500	1.6	Sumidoiros. Mobiliario	5.293,75 €
1621.62500	1.6	Recollida de residuos. Mobiliario	4.807,33 €
165.61900	1.6	Alumeado público. Outros investimentos de reposición en infraestruturas	278,30 €
165.62300	1.6	Alumeado público. Maquinaria, instalacións e utillaxe	1.676,73 €
1722.62300	1.6	Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Maquinaria, instalacións e utillaxe	499,00 €
1722.62500	1.6	Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Mobiliario	2.554,55 €
231.20500	2.2	Asistencia social primaria. Aluguer de mobiliario e aveños	1.452,00 €
231.22105	2.2	Asistencia social primaria. Produtos alimenticios	1.810,00 €
231.22199	2.2	Asistencia social primaria. Outras subministracións	1.603,24 €
231.22601	2.2	Asistencia social primaria. Atencións protocolarias	958,24 €
231.22602	2.2	Asistencia social primaria. Publicidade e progaganda	1.314,90 €
231.22699	2.2	Asistencia social primaria. Outros gastos diversos	646,26 €
231.22799	2.2	Asistencia social primaria. Traballos realizados por outras empresas	1.991,86 €
241.22602	2.2	Fomento do emprego. Publicidade e progaganda	360,58 €



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

APLICACIÓN	N.V.X./ PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
241.22799	2.2	Fomento do emprego. Traballos realizados por outras empresas	80,00 €
311.22799	3.2	Protección da salubridade pública. Traballos realizados por outras empresas	508,20 €
312.21300	3.2	Centros de saúde. Maquinaria e instalacións	1.998,89 €
312.22100	3.2	Centros de saúde. Enerxía eléctrica	2.080,93 €
312.22799	3.2	Salubridade pública. Traballos realizados por outras empresas	1.041,81 €
323.21200	3.2	Centros de ensinanza. Edificios e outras construcións	7.617,91 €
323.21300	3.2	Centros de ensinanza. Maquinaria e instalacións	76,48 €
323.22100	3.2	Centros de ensinanza. Enerxía eléctrica	10.370,13 €
323.22199	3.2	Centros de ensinanza. Outras subministracións	84,40 €
323.22699	3.2	Centros de ensinanza. Outros gastos diversos	121,00 €
323.22700	3.2	Centros de ensinanza. Limpeza e aseo	925,65 €
323.22799	3.2	Centros de ensinanza. Traballos realizados por outras empresas	121,00 €
323.61900	3.6	Centros de ensinanza. Outros investimentos de reposición en infraestruturas	9.952,25 €
330.21300	3.2	Cultura. Maquinaria e instalacións	446,20 €
330.22100	3.2	Cultura. Enerxía eléctrica	3.117,40 €
330.22103	3.2	Cultura. Combustibles e carburantes	4.067,63 €
330.22199	3.2	Cultura. Outras subministracións	1.122,39 €
330.22300	3.2	Cultura. Transportes	191,95 €
330.22601	3.2	Cultura. Atencións protocolarias	631,50 €
330.22699	3.2	Cultura. Outros gastos diversos	1.815,00 €
330.22799	3.2	Cultura. Traballos realizados por outras empresas	26.076,11 €
3321.22001	3.2	Bibliotecas públicas. Prensa, revistas, libros e outras publicacións	1.683,67 €
333.21200	3.2	Equipamentos culturais e museos. Edificios e outras construcións	2.178,00 €
333.21300	3.2	Equipamentos culturais e museos. Maquinaria e instalacións	5.475,63 €
333.22100	3.2	Equipamentos culturais e museos. Enerxía eléctrica	1.253,30 €
333.22103	3.2	Equipamentos culturais e museos. Combustibles e carburantes	691,69 €
333.22199	3.2	Equipamentos culturais e museos. Outras subministracións	447,32 €
333.22699	3.2	Equipamentos culturais e museos. Outros gastos diversos	575,07 €
333.22799	3.2	Equipamentos culturais e museos. Traballos realizados por outras empresas	3.501,74 €
334.22199	3.2	Promoción cultural. Outras subministracións	303,34 €
334.22602	3.2	Promoción cultural. Publicidade e propaganda	1.700,05 €
334.22609	3.2	Promoción cultural. Actividades culturais e deportivas	1.400,19 €
334.22699	3.2	Promoción cultural. Outros gastos diversos	192,12 €
336.22799	3.2	Protección do patrimonio histórico-artístico. Traballos realizados por outras empresas	157,30 €
338.20300	3.2	Festas populares e fesexos. Aluguer de maquinaria e instalacións	14.739,40 €
338.20500	3.2	Festas populares e fesexos. Aluguer de mobiliario e aveños	38.441,64 €
338.22602	3.2	Festas populares e fesexos. Publicidade e propaganda	2.716,45 €
338.22699	3.2	Festas populares e fesexos. Outros gastos diversos	5.575,00 €
338.22799	3.2	Festas populares e fesexos. Traballos realizados por outras empresas	34.020,08 €
340.22199	3.2	Deportes. Outras subministracións	4.289,34 €



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

APLICACIÓN	N.V.X./ PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
340.22300	3.2	Deportes. Transportes	418,00 €
340.22699	3.2	Deportes. Outros gastos diversos	1.979,83 €
340.22799	3.2	Deportes. Traballos realizados por outras empresas	114,95 €
342.21200	3.2	Instalacións deportivas. Edifícios e outras construcións	5.538,11 €
342.21300	3.2	Instalacións deportivas. Maquinaria e instalacións	11.896,93 €
342.22100	3.2	Instalacións deportivas. Enerxía eléctrica	14.331,26 €
342.22799	3.2	Instalacións deportivas. Traballos realizados por outras empresas	19.952,13 €
4312.21200	4.2	Mercados, abastos e lonxas.Edifícios e outras construcións	3.062,51 €
4312.22100	4.2	Mercados, abastos e lonxas. Enerxía eléctrica	1.362,99 €
4319.22199	4.2	Olería. Outras subministracións	147,50 €
4319.22699	4.2	Olería. Outros gastos diversos	169,40 €
432.20300	4.2	Turismo. Aluguer de maquinaria e instalacións	907,50 €
432.20500	4.2	Turismo. Aluguer de mobiliario e aveños	3.025,00 €
432.22199	4.2	Turismo. Outras subministracións	4.319,40 €
432.22601	4.2	Turismo. Atencions protocolarias	2.738,41 €
432.22602	4.2	Información e promoción turística. Publicidade e progapaganda	3.498,09 €
432.22699	4.2	Turismo. Outros gastos diversos	27.426,30 €
433.22799	4.2	Desenrolo empresarial. Traballos realizados por outras empresas	344,85 €
454.22799	4.2	Camiños veciñais. Traballos realizados por outras empresas	2.904,00 €
920.21300	9.2	Administración xeral. Maquinaria, instalacións e utillaxe	2.053,07 €
920.22000	9.2	Administración xeral. Material de oficina ordinario non inventariable	1.275,46 €
920.22002	9.2	Administración xeral. Material informático non inventariable	230,61 €
920.22100	9.2	Administración xeral. Enerxía eléctrica	4.214,63 €
920.22103	9.2	Administración xeral. Combustibles e carburantes	519,00 €
920.22199	9.2	Administración xeral. Outras subministracións	77,44 €
920.22200	9.2	Administración xeral. Servizos de telecomunicacións	4.204,85 €
920.22602	9.2	Administración xeral. Publicidade e propaganda	2.577,30 €
920.22604	9.2	Administración xeral. Xurídicos e contenciosos	2.846,00 €
<b>TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO</b>			<b>889.902,69 €</b>

**Segundo.-** Expor ao público o correspondente expediente durante quince días mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro.-** Aprobar, con carácter definitivo, o devandito expediente se contra o mesmo non fosen presentadas reclamacións durante o período de exposición pública.

**Cuarto.-** Publicar, unha vez aprobada definitivamente a modificación, un resumo da mesma a nivel de capítulos no Boletín Oficial da Provincia.

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “Fai xustamente un ano trouxeron vostedes ao pleno ordinario do mes de marzo, no ano 2023, un suplemento de crédito para o pago de facturas a provedores que non tiñan consignación orzamentaria por un importe de 228.000 € que sumados aos 904.000 € doutro



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

suplemento, aprobado por vostedes o 24 de novembro do 2022, facían un total de 1.133.000 €.

Fai, pois, un ano, xa o BNG denunciaba o total descontrol do seu grupo de goberno e a despreocupación e nefasta xestión económica coa súa política de *"Festa, farola, bacheo e pídemelo que queiras que vai pagar o Concello"*.

Traen agora outra vez para a aprobación neste pleno un suplemento de crédito, tamén, para pago de facturas a provedores que non teñen consignación orzamentaria por importe de 889.000 €. É dicir, gastaron un orzamento de case 6.000.000 € e aínda así tiveron que botar man, outra vez máis, de case 900.000 € dos aforros do remanente da tesourería. Dentro destes importes gastaron en enerxía e carburantes sen orzamento: 246.325 €; pago de facturas sen orzamento: 549.927 €, deste importe hai que destacar os 95.000€ en festexos; os 102.000€ de cultura e deporte e os 280.000 € de servizos públicos.

Seguen vostedes coa súa política de *"Festa, farola, bacheo e pídemelo que queiras que vai pagar o Concello"*, cun total descontrol e despreocupación na súa xestión de goberno e poñendo en risco a estabilidade económica do Concello. Seguen vostedes gastando os cartos dos veciños e veciñas de Malpica cunha total falta de responsabilidade. En dous anos pasamos dun remanente de tesourería, aforros, de 2.300.000 € a pouco máis de 300.000 € unha vez se aprobe este suplemento de crédito. Esta é a súa política, gastar sen control, sen ningún tipo de planificación nin criterio. E non é que o digamos só nós, posto que no informe de conclusións que emite intervención dise o seguinte:

1.- O saldo de operacións non financeiras, a diferenza entre os ingresos e gastos non financeiros, foi negativo. Isto ten repercusións no cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

2.- A 31 de decembro de 2023 hai gastos pendentes de aplicar ao orzamento por importe de 808.676 €, para os que case na súa totalidade non había crédito orzamentario. Isto mostra un deficiente cumprimento das normas orzamentarias e de control de gasto, e está a prexudicar o cumprimento do Período Medio de Pagamento (PMP) co agravante de que as cifras mostran unha tendencia a alza nos últimos anos e xerará tamén problemas coa solvencia económica.

Tamén queremos recordarlle que no ano 2021, xa o díxenos no pleno de fai un ano, cando gobernaban o PSOE, o BNG e o concelleiro non adscrito, D. Alfredo Cañizo, e o Partido Popular estaba na oposición, vostedes votaron en contra dun suplemento de crédito de 129.000 € alegando ou xustificando o seu voto en *"non entendo o motivo de que se xere este volume de gastos a final de ano"*. No ano 2021 parecíanlle moito 129.000 € e no 2022, xa gobernando vostedes, aproban un suplemento de crédito de 1.133.000 € e agora, no 2024, 890.000 €. Polo tanto, vemos que non teñen criterio ningún para xestionar, nin coherencia á hora de votar nos plenos.

No BNG intentamos ser coherentes á hora de facer política, non imos facer coma o Partido Popular que, cando gobernan teñen un criterio e cando están na oposición teñen outro. Nós, cando estábamos no goberno e agora na oposición, sempre defendemos a estabilidade orzamentaria e o control de gasto. Entendemos e defendemos que os



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

provedores e toda persoa ou empresa que presta un servizo ao concello debe cobrar, polo tanto, por responsabilidade política para favorecer a aprobación deste suplemento, aínda que estamos en contra da súa nefasta xestión tanto económica como política, imos absternos neste punto”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Vimos outra vez ao pleno cun extraxudicial, en dous anos que levades gobernando... tres xa desde a moción, xa van catro extraxudiciais, suplementos de crédito que se financia con remanente de tesourería, sen ningún tipo de control de gasto, sen retencións de crédito, e eses catro extraxudiciais suman 2.200.000 €, como digo sen ningún tipo de retención de crédito, sen ningún tipo de control, un desgobierno absoluto, sen planificación que nos deixa sextos en toda a provincia de A Coruña, sextos que máis tardamos en pagar aos provedores e non é culpa do provedores é culpa dos que están gobernando, que se tarde o dobre do legal en pagarlle aos autónomos que traballan para o concello.

Podemos falar de cifras neste suplemento de crédito: urbanismo, 120.000 €; seguridade, 12.000 €; combustible, 12.000 €; actuacións relacionadas co medio ambiente, 40.000 €; asistencia social primaria, 9.200 €; turismo, 42.000 € dos cales 27.500 € son traballos realizados por outras empresas que como nós non temos o desglose das facturas non sabemos que traballos foron nin quen os fixo; educación, 29.000 €; cultura, 55.000 €; deportes 58.000 €; festexos, 95.000 €, 34.000 € de traballos realizados por outras empresas que non sabemos cales son os traballos nin quen os fixo; enerxía eléctrica 240.000 € e o resto ata 800.000 € que quedaran uns 100.000 € de servizos varios.

Nós preguntámonos: o despilfarro é unha tendencia do goberno actual, os informes técnicos de intervención levan advertindo estes últimos anos da gravidade do que é un extraxudicial, e hoxe vaise aprobar aquí un extraxudicial..., nós imos votar en contra, ides aprobar un extraxudicial no que o informe de intervención di que ten 64 resolucións contrarias a notas de reparo das cales 42 teñen carácter suspensivo, 42 reparos con efectos suspensivos son gravísimos, irregulares por non chamarlle ilegais: en compras de fincas para o centro médico, inadecuado procedemento; inadecuado procedemento nas fincas de Beo para a compra das fincas da depuradora; non sodes capaces de xustificar ben os gastos do políticos a FITUR...; efectos suspensivos a contratos menores ascendendo a 200.000 €... inhabilitáanse alcaldes e concelleiros, tamén, por reparos con efectos suspensivos.

Falando de cifras e do desgobierno que tedes actualmente despois de gastar 2.200.000 € en catro extraxudiciais desde que estades gobernado, repercutiu algo na mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas de Malpica? As queixas que nos chegan a nós... temos ollos na cara e vémolos...

Falta de planificación, falta de xestión, sobre todo xestión económica, rúas con verdín, contenedores rotos... non se mellorou na recollida da basura, nada; non se mellorou a reciclaxe, nada; nos abristes aínda o centro de día, aínda que nos imputedes a nós que o retrasamos un ano, os entregaron o centro de día en xaneiro ou febreiro de 2022, dous anos e pico despois o centro de día segue sen abrir, podemos coller as hemerotecas e recortes de periódicos onde a prioridade na moción de censura era abrir o centro de día; non cambiastes as luces do concello tendo unha auditoría enerxética mais os pregos de contratación feitos; non fustes quen de cambiar no campo de Pedra



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Queimada o que facía falta como é o céspede artificial que ten trinta anos, podíase cambiar por un novo; tedes multitude de áreas recreativas feitas un... mesas volteadas... parque infantís por exemplo Beo que non se foi alí nunca...; chapuzas en rúas feitas como Ramona Criado que está toda a rúa parcheada...

O día a día do concello de Malpica vai a peor despois de 2.200.000 € máis... parroquias abandonadas... non sei en que se inverteron eses 2.200.000 €.

O noso voto vai ser completamente en contra á tendencia a gastar e malgastar o diñeiro público, a tendencia que tedes... os problemas que vai ter o concello presupostariamente e de liquidez van ser enormes e ao final ides subir os impostos, aquí no goberno non hai ninguén ao timón, un gasta dun lado, un gasta doutro, sen procedemento, colle o teléfono: ven aquí..., aires de telefono e a bola de neve segue aumentado... pero a bola de neve vai romper.

Nós imos votar en contra destas políticas de despilfarro, imos votar en contra das políticas sen control, imos votar en contra das políticas sen futuro. Xa advertimos nun pleno anterior, no pleno do outro suplemento, que non nos iamos abster, que isto ten que parar dunha vez por todas. O PSOE de Malpica vai votar en contra para que os autónomos de Malpica cobren en tempo e forma, que cobren en trinta días legais e non e sesenta e dous días ou en catro e cinco meses. Imos votar en contra para que fagades os trámites necesarios e non andades a golpe de teléfono. O noso voto en contra é para vós, para a vosa malísima xestión económica, porque Malpica non funciona nin en tempo nin en forma e nós non imos ser cómplices da vosa nefasta xestión económica do concello”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “O suplemento de crédito que estamos a traer hoxe aquí... si que é certo que se pasa un pouco ou moito do orzamento, hai cousas que se poden xustificar moito e hai outras que haberá que botar man, non pode ser todo manga ancha... por exemplo un gasto que había que era axudar a todas as asociacións a facer festas... un procedemento que no seu momento se debeu de cortar e volver ás subvencións como estaba ao primeiro e non barra libre como se deu... as comisións de festas eran elas nas parroquias as que as facían e agora todo o mundo fai... os equipos de fútbol fan festas, as asociacións culturais fan festas... todo o mundo é a pedir e nós de boa fe tentamos axudar a todo o mundo...”

Cando hai que apretar o cinto, como en todas as casas, é o primeiro antes de subir os impostos... respecto a subir os impostos non seríamos o primeiro concello en subir, hai concellos máis potentes que o noso, sen nomear a ninguén, que xa subiron os impostos este ano e xa están recadando máis cartos este ano porque non lles chega o diñeiro, e non lles chega o diñeiro porque todo sube. O dixen xa outras veces, aquí gastamos 234.000 € a maiores en enerxía eléctrica e este ano non é dos máis caros, pero xa son 234.000 € máis que suman e coma iso todo, as obras se antes era 100.000 € agora están en 150.000 €, non é que o diga eu senón que o vemos todos... todo subiu pero o concello non recada máis.

É certo que hai cousas que se poden recortar e hai que recortar, antes se podía facer porque había diñeiro e agora non se poden facer porque non hai tanto diñeiro... as festas se teñen que quedar con subvencións e non barra libre de que todo o mundo quere facer unha festa e que o concello a financie.



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Despois cos procedementos de contratación ti estivestes de alcalde aquí, a día de hoxe non sei que contratos licitastes ti ou vós, o grupo de goberno anterior, eu o que sei é que están os mesmos que estaban antes sen licitar, o problema é de infraestrutura no concello, non é que non queira o alcalde, as ordes xa as deu fai tempo, non é que o alcalde non queira licitar, o persoal é o que temos e nos temos que adaptar, as ordes xa están dadas fai cerca dun ano, ordes por escrito, intervención pode criticar que os procedementos non son... pero toda a culpa non é política, porque o político non fai esa labor, a fan os técnicos, e os técnicos temos os que temos e estamos un pouco embarrancados, é algo que ten que asumir o xefe de persoal que son eu, é algo que é difícil de resolver, ti o sabes como alcalde que estivestes aquí e non resolvestes porque contratos non sacastes ningún.

Despois o de gastar orzamentos... vós estivestes gobernando no ano 2020 plena pandemia, todos fomos para casa, non houbo procedemento ningún, non houbo gastos en asociacións... e gastastes un orzamento completo, onde? Onde fose necesario pero o gastastes, non houbo mantemento, nin houbo obras, nin houbo asociacións nin comisións ás que financiar... nada, e gastastes un orzamento.

Nós gastamos un orzamento, fíxemos cousas, mellores, peores pero fanse cousas, fanse moitas e están aí. As partidas que hai que dotar de máis diñeiro non é unha extravagancia dicilas: seguridade; combustibles e carburantes... hai unhas partidas dun orzamento prorrogado que todo subiu e ten máis coste, hai un déficit nas partidas, en todas as partidas hai un déficit porque este concello non ten tanto ingreso como agora ten o gasto, hai que regulalo pero o certo é que as cousas agora costan moitísimo máis, porque subiu todo.

O concello non ingresa máis, claro que o concello vai ter subir os impostos como está subindo o Estado, como os están subindo os concellos, moitos concellos máis potentes que nós e máis saneados que nós, e subiron os impostos... porque teñen que recadar porque senón non chegan. Eu, este ano, non quixen subir os impostos, non quixen, quixen aguantar, primeiro quero recortar pero sei que vou ter que subir porque non dan as contas, se antes gastabamos 350.000 € e agora gastamos 500.000€ ou 600.000 € en enerxía xa temos un déficit de 200.000 €, só nunha partida..., temos un descadre que hai que facer cadrar pero esa é a realidade, non deste concello é de todos, os concellos pequenos imos ter moitos problemas de financiación. Nós non temos un polígono que nos estea dando diñeiro, como ten Laracha, Carballo e outros concellos... Nós temos os impostos que temos... o que xera é o IBI... primeiro hai que empezar por recortar e despois haberá que subir os impostos, hai impostos que son deficitarios, estamos poñendo diñeiro nós por encima, e os hai que dotar, os hai que actualizar, nós está custando diñeiro facer as cousas cando o concello ten que cubrir o servizo, non pode ser deficitario, e temos servizos que son deficitarios, todo isto hai que regulalo.

E os contratos volvo dicir que vostedes gobernaron dous anos e non sacaron contrato ningún, nós estamos tentando sácalos pero é difícil porque temos o persoal que temos e o día a día cómenmos.

E despois o de gastar... home, todo un ano encerrado que non houbo en que gastar... gastastes un orzamento de 5.000.000 €.





Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Esa é a realidade do Concello de Malpica, estamos facendo o mantemento de estradas, chegamos aquí e estaban cheas de baches, levamos dous anos bacheándoas e temos que seguir porque todas á vez non as podes facer... iso son cartos... O día a día da xente que te pide e as necesidades, cartos que se gastan nos servizos, no día a día, son necesidades que non están previstas e que xorden e tes que fácelo porque nós nos debemos ao que a xente nos pide ou tentas facer o que a xente nos pide. Ti non tes un planeamento para dicir neste ano vou facer todo isto, iso é imposible... nin tes o diñeiro tampouco... tes o POS e se pon bachear estradas e se cadra xorde facer unha estrada e hai que fácela.

Este concello gastou un millón cento e pico mil euros en axuda ao fogar, verdade? Somos da Costa de Morte o concello que máis inviste, temos unha empresa, que non se licitou aínda o contrato, que non está cobrando o que sería hoxe o prezo real, sería moito máis, temos un burato aí, e aínda temos lista de espera, somos o concello que máis inviste de 5.500.000 € 1.100.000 € son para servizos sociais, só para axuda no fogar.

Tentamos chegar a todo, isto se está indo das mans pola inflación que hai, polo que custan as cousas, cada vez queremos máis servizos, ao concello lle meten máis servizos pero non lle dan máis cartos, esa, tamén, é a desgraza dos concellos. Se cadra temos que tomar determinacións e deixar de facer isto e temos que centrarnos nisto, imos cara aí, se non hai máis ingresos é imposible manter o equilibrio orzamentario.

Nós traemos este suplemento porque temos que pagar as facturas, son facturas que se mandou facer os traballos, o normal é pagar. O concello a día de hoxe non ten problema para pagar isto, o ano que ven se cadra sí, hoxe non o ten, os cartos son para usalos en necesidades, non é todo para obras, está cultura, está deportes, está servizos sociais, non sempre hai que centrarse nas obras... hai outras cousas que levan os cartos.

Agora imos tentar pagar o que se debe e despois tentar equilibrar e axustar o orzamento no que se poda. Logo virá a segunda parte que será onde teñamos que tocar aos impostos, coma todos os concellos, non vai ser o Concello de Malpica de Bergantiños o único que suba os impostos se os ten que subir, pero por agora non foi o que os subiu, nós este ano podíamos ter recadados outros 200.000 € pero non os recadamos porque non se subiu imposto ningún. Estamos tentando fácelo da mellor maneira posible, antes imos axustar todo o que poidamos”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Vostede falou de varias cousas importantes, falou de que hai que quitar os contratos: axuda no fogar; limpeza viaria... vostede fala de falta de persoal, recomendacións do informe técnico: elaboración e aprobación dunha Relación de Postos de Traballo... eu creo que niso xa levades traballando bastante tempo...”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Eu fixen unha RPT e a presenteí aquí”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Di o informe que hai exceso de gratificacións por traballos extraordinarios realizados fóra de xornada de traballo... se superaron os límites do art. 7 do Decreto... destacan polo seu importe o persoal de augas e as oficinas xerais... estamos escravizando aos traballadores, a elaboración da RPT non é de agora... para a min que acaba en breve o prazo”.



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Estabilizamos o persoal que xa temos, non aumentamos persoal”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Despois fala da electricidade de que van 250.000 €... vostede fixo os orzamentos no ano 2022 cando a luz estaba máis cara... neste extraxudiciais do ano 2023 cando estaba máis barata se gasta aparte do que había 250.000 €, cando está a luz máis barata, o que pasa é que a bolsa de vinculación é outra e da luz pode coller para facer obras...”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Cando subiu a luz?”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “No 2022, a guerra de Ucraína foi cando empezou a subir a luz, no 2022 foi cando estaba o pico máis alto de luz”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Chegamos a pagar 700.000 € de luz”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Cando fixo os orzamento de 2022 incrementou a partida da luz e non chegaba, e agora no ano 2023 que está máis barata non chega nin ese incremento e hai que meter neste extraxudicial 250.000 € máis, se gastou todo en enerxía ou se usaron os cartos da enerxía para outras cousas e agora ao final do ano hai que págala? Está pagando máis en luz, sendo máis barata, aquí hai algo que se descompensa.

As obras valen máis, é certo, pero vostedes se contradín, as obras valen máis pero o POS+2024 que se pode investir en obras moi necesarias en vez de investilo en obra o invistes en gasto corrente. É vostede contrario ao que está dicindo”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Eu non son contrario”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “As obras que valen máis, que é certo, e o POS+2024 vai para gasto corrente e non vai unha obra no POS+2024.

Vostede di que temos que subir os impostos porque non chegan os cartos pero non chegan os cartos porque hai un descontrol total no concello, aquí cada un gasta o que lle parece porque está claro que 2.200.000 € sen procedementos, sen retención créditos... Cos informes de intervención... incumprimento do período medio de pago, no ano 2023 se incumpriu en todos os trimestres; nas causas: existencia de facturas pendentes de aplicar ao orzamento procedentes de exercicios anteriores; deficiente cumprimento das normas orzamentarias e procedimentais que garantan unha adecuada xestión do gasto; contrato menor... sen seguirse o procedemento mínimo regulado nas bases de execución do orzamento... Isto máis claro auga, un descontrol, non hai ninguén ao timón... te presentan facturas de todos os lados e firmas, e agora os que aproban este suplemento son cómplices de 42 reparos suspensivos.

Vostede di tamén que o diñeiro é para usalo e investilo, o diñeiro é para usalo e investilo pero non para estragalo, nin malgastalo polo que non se poden pagar 150.000 € en desbroces nin 12.000 € en arranxos de Suzuki nin 400 € de gasolina no coche de



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Miguel, que despois anda apagando luces polo concello pensando que aforramos. Sabe como se inverten as cousas no concello? cambiando as luminarias; licitando os contratos, porque se licita os contratos e non os dá a dedo como estas facendo, se licitas un concurso de contratos compites en prezo, as empresa compiten en prezo, e aí sacas un maior rendemento e sacaría uns cartiños, pero vostede di que aumenta todo e que imos subir os impostos pero subindo os impostos... coa falta de control que hai neste concello, o despilfarro que hai é total, canto pode quedar agora de remanente? Pois, quedaran 180.000 €, cantas facturas faltan por entregarse ou por pagar?"

**O Sr. Alcalde-Presidente:** "Por que di vostede iso".

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** "Eu lin a súa memoria da alcaldía, vostede non sei".

**O Sr. Alcalde-Presidente:** "Son 231.000 €".

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** "Eu lin a súa memoria da alcaldía, cantas facturas faltan por vir? Aínda faltan facturas por vir, seguro.

Vostede falou de que hai quitar as comisións todo, hai que controlar ás asociacións... pero no ano 2023, que foi ano de eleccións, foi un cheque en branco, unha carpa, tres; catro xeradores, cinco porque había que gañar as eleccións co diñeiro público, estragalo e agora hai que volver ao rego de antes, ao rego que é o máis normal, cunhas subvencións, hai que controlarse, cada asociación terá que ser autosuficiente... hai que darlles unha subvención, naturalmente, son as asociacións: as culturais e deportivas as que dinamizan este concello... o ano 2023 foi un cheque en branco, había que gañar as eleccións e agora hai que recortar porque estamos en números roxos.

Vostede falou de varias cousas que se contradí, di que non vai subir os impostos súbeos, di que non vai despilfarrar e despilfarra... tamén dixo que non gobernaba con Cañizo e goberna, credibilidade ningunha".

**O Sr. Alcalde-Presidente:** "As subvencións as comisións non sei se vostede se dá conta de que había unha partida no orzamento cando nós deixamos de gobernar, tiñan unha subvención asignada, vostedes a quitaron do orzamento, vostedes quitaron esas subvencións, o deixaron a libre albedrío. As subvencións ás comisións de festas non estaban contempladas no orzamento, había unhas subvencións asignadas por parroquias e por número de festas que estaban contempladas no orzamento, vostedes cando aprobaron o orzamento as quitaron, de feito, cando me dou conta ao final de ano, ao estar dando en especie, a carpa e tal... encontreime que non había esa partida, non fora no orzamento. Nós seguimos con esa tendencia e non foi porque fora ano de eleccións porque antes do ano de eleccións se daba así e se seguiu despois, o que había que determinar era ter que volver ao de antes, contemplar as subvencións outra vez cun pouco de máis diñeiro, porque as cousas subiron, e non barra libre. Cando estabamos nós as subvencións existían dentro do orzamento, había unhas subvencións para as festas: Seia, Malpica, Mens, Cambre... había esa subvención á que te acollías, e se poñía a carpa porque tiñamos unha e nós montabamos a carpa..."



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Ultimamente xa non se poñía a carpa”.

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “A Cambre non lle deron o xerador un ano, había diferencias entre comisións ultimamente... non se deron conta ata este ano que poñer xeradores e pagar festas era deficitario...”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Imos deixalo, eu non sei se me expreso mal ou non me queredes entender, imos deixalo porque non se trata que o entendades”.

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “Agora ao final e culpa nosa tamén o extraxudicial este... estamos falando deste suplemento de crédito, os que foron, foron, este ano foron 890.000 € o ano pasado foron 1.133.000 €. Eu entendo que un ano se poda pasar 200.000 ou 300.000 €, que haxa gastos extraordinarios, que non se contemplan, o que sexa, pero vistos os antecedentes do anterior ano que eran 1.133.000 €... Eu entendo a súa postura, que se queira xustificar, que a enerxía, que subiu todo, é certo que a enerxía subiu... o que non é lóxico que deses 890.000 €,... hai 245.000 € a maiores de enerxía e combustibles, vale... na bolsa que está festexos foron 95.000€ a maiores.

O pode vender como queira, o que non houbo foi control no gasto... non houbo control de gasto, aquí todo o mundo pedía e se lle daba, nada máis, e esa é a realidade, que se incrementaron os prezos, pois, claro que se incrementou todo pero o que non se pode é estar todos os anos con 890.000 € de extraxudicial, que vai facer o ano que ven?, que vai facer porque...?

A culpa é da oposición”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Eu non estou botando a culpa a oposición, estou contando o que hai. Vós estades falando do extraxudicial do ano pasado e do outro, eu estou falando de cando vós estabades gobernando e o que pasou con vós... Agora estades criticando o que facemos nós, moi ben, sodes a oposición, credes que está mal feito, que vós o fariades mellor, eu traslado que vós estivesdes gobernando, tivestes un orzamento nas mans, houbo un ano que por desgraza non se podía saír da casa, nin se podía facer ningunha actividade e mais gastastes un orzamento, eu só digo iso”.

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “A que non fixo nada foi a oposición nese momento”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “E que tiña que facer a oposición?”

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “No tempo do coronavirus axudar ao goberno, e non poñer trabas, e non vir aquí un día a poñer catro mascarillas e marchar para a casa, iso foi o que fixo a oposición, e ademais ese ano houbo gastos polo coronavirus”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Pero deron cartos para pagalo”.

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “Pero non deron todo para pagar, non dou todo para pagar e vostede o sabe ben”.



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**A Concelleira do grupo municipal do PP, Sra. Freijeiro Novo:** “No ano de pandemia, cantas subvencións lle destes a entidades culturais e deportivas? Cero, axuda cero”.

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “Ao seguinte se duplicaron e quedou a retención de crédito feita, é vedade ou non?”.

**A Concelleira do grupo municipal do PP, Sra. Freijeiro Novo:** “Destes algunha? Ningunha, nin en cultura nin en deportes. Como estaba Pedra Queimada?”.

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “Se acababa de facer a obra, se acababa de poñer a torreta de iluminación”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

**Votos a favor: 7 (6 do grupo municipal do PP e 1 do grupo mixto-AIM)**  
**Votos en contra: 3 (3 grupo municipal do PSdeG-PSOE)**  
**Abstencións: 2 (2 do grupo municipal do BNG)**

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Especial de Contas.

## **6º.- MOCIÓN DE URXENCIA.**

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG**

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela** procede a dar lectura ao texto da moción (parte expositiva) o cal figurará a continuación:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Hai dous anos da aprobación da última reforma laboral (Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro) coa que nace unha nova reforma coa gravidade de non derogar as anteriores, especialmente a de Raxoi do 2012, que tantos recortes e danos vén causando aos dereitos da clase traballadora.

Desde a súa entrada en vigor confirmábase mes a mes o que estivemos denunciando que sucedería no momento da aprobación. Novas modalidades de contratación polas que se multiplica a precariedade, cambiando a forma pero non o fondo, mudando as estatísticas pero non a realidade. Imponse a xeneralización da contratación a tempo parcial e a fixa-descontinua, que pasa a substituír os contratos temporais, que se ven sensibelmente reducidos. Ao mesmo tempo, permítese o abuso e uso fraudulento dos períodos de proba como modalidade de contratación, de xeito que os contratos se rescinden por non



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

superar o período de proba, sen ningún tipo de indemnización, operando para todos os efectos como un despedimento libre. Por último, refórzase o papel das ETT e das axencias privadas de colocación para levar adiante toda esta reforma, en prexuízo dos servizos públicos de emprego.

Unha reforma laboral á que se suma o fomento dos ERTE permanentes, a continuidade das desigualdades de xénero e a extensión dos baixos salarios mentres a patronal dispón de máis mecanismos legais para empeorar as nosas condicións laborais e salariais. Así, deste xeito, as empresas transfiren ao sector público os custos sociais de toda esta realidade de precariedade xeneralizada, ao tempo que se dificulta o acceso, a duración e as contías das prestacións por desemprego.

O resultado é unha clase traballadora empobrecida, xa que se instaure por lei a inestabilidade e inseguridade laboral e se institucionaliza a pobreza laboral. Ter traballo xa non permite os ingresos necesarios para vivir dignamente e poder acceder a dereitos básicos como alimentación e vivenda. Son especialmente exemplo desta realidade, a mocidade e as mulleres, convertidas en man de obra barata, parecendo non ter fin a fenda salarial.

A acción dos gobernos e da política laboral debe superar o centralismo español, a submisión aos principios neoliberais e que o economicismo dite a regulación e aplicación dos dereitos sociais.

A importancia na protección dos dereitos da clase traballadora ten relación directa con poder facer fronte con xustiza social aos efectos do cambio no tecido produtivo e no mundo do traballo, sobre todo en Galiza, ante a descarbonización e o forte impacto da implantación das novas tecnoloxías na economía, en que se intensifica o proceso de valorización do capital mentres que se desvaloriza o traballo, acelerando a concentración da riqueza en menos persoas, en territorios máis lonxe de Galiza, ao tempo que vai a máis o risco da exclusión social e dun elevado e estrutural desemprego.

Son urxentes medidas para rematar coa precariedade, o abuso da contratación a tempo parcial e coa temporalidade en todos os sectores de actividade tanto do ámbito privado como nas diferentes administracións e empresas públicas.

Por último, no pleno do Congreso dos Deputados do pasado 10 de xaneiro, un dos tres decretos sometidos a votación, non saíu adiante e fixo que non se aprobase a prioridade aplicativa dos convenios colectivos autonómicos.



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Compre xa facer realidade un piar básico do Marco Galego de Relacións Laborais e poder exercer o dereito decidir e negociar en Galiza os nosos convenios colectivos, as nosas condicións de traballo, de forma directa e democrática, con solucións xustas á nosa realidade laboral, social, industrial, económica e demográfica.

Por todos estes motivos, solicítase ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte, Acordo:

Non habendo ningunha intervención e sometida a urxencia a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

**Votos a favor: 5 (3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 2 do grupo municipal do BNG)**  
**Votos en contra: 0**  
**Abstencións: 7 (6 do grupo municipal do PP e 1 do grupo mixto-AIM)**

Polo que non alcanzada a maioría absoluta necesaria queda rexeitada a urxencia da moción.

## **PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO**

### **7º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta das Resolucións da Alcaldía desde a última convocatoria da sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación, Resolución 30/2024 a Resolución 143/2024.

### **8º.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2023 (EXPTE. 2024/T019/000001).**

Dáse conta da liquidación do orzamento do exercicio 2023 (expte. 2024/T019/000001)

### **9º.- DACIÓN DE CONTA DOS REPAROS EMITIDOS DURANTE O EXERCICIO 2023 (EXPTE. 2024/X999/000065).**

Dáse conta dos reparos emitidos durante o exercicio 2023 (expte. 2024/X999/000065).

### **10º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO NO EXERCICIO 2023 (EXPTE. 2024/X999/000065).**

Dáse conta do Informe resumo dos resultados do control interno no exercicio 2023 (expte. 2024/X999/000065).



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**11º.- DACIÓN DE CONTA DOS ESTADOS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO, CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2023, EN APLICACIÓN DO DISPOSTO NO ARTIGO 16 DA ORDE DO MINISTERIO DE HACIENDA 2105/2012, DO 1 DE OUTUBRO, ENVIADOS EN DATA 30/01/2024 (EXPTE. 2024/X999/000028).**

Dáse conta dos Estados de execución do orzamento, correspondentes ao cuarto trimestre do exercicio 2023, en aplicación do disposto no artigo 16 da Orde do Ministerio de Hacienda 2105/2012, do 1 de outubro, enviados en data 30/01/2024 (expte. 2024/X999/000028).

**12º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**ROGOS**

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “No pleno anterior pedimos que se puxera unha luz na escaleiras de Carmiña a de Juanita, dixestes que estaba arraxado pero non se lle puxo, volvemos rogar que nas escaleiras se poña un punto de luz porque a señora non ve a porta cando entra na casa”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Fernández Mirás:** “Mandouse ao electricista pero hai que poñer unha farola nova”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Falamos en varios plenos da rexilla do Cornecho, hoxe quedou unha señora pola mañá atrancada co carro da compra, na rexilla quedan os carros da compra atrancados, levamos así dez meses polo menos”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Se está pasando haberá que poñer outro formato”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “A rúa Ramona Criado, se puxo unha rexilla que dá entrada para o estanco, caeu unha señora de gravidade”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Arranxouse”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “As rexillas se levantan”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Fernández Mirás:** “Estiven alí cos de López Cao mirando e se lle vai facer como un arco por dentro, se estiveran dereitas non pasaba iso, as do medio son as que pinzan, xa se mirou, se meteu resina pero fallan e entón agora meteran un arco”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Pois que o fagan e o fagan xa”.

**PREGUNTAS**

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “No pleno ordinario do 30 de novembro de 2023 presentamos un rogo solicitando a realización dun





Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

informe sobre o estado da urbanización Orxeira e que atendera ás demandas e consideracións que presentaron por rexistro no concello, en setembro do 2022, os veciños e veciñas do rueiro da Orxeira. Fai dúas semanas os veciños nos achegan fotos dos desprendementos, que puideron causar danos persoais... encofrados, as barandillas están a punto de caer. Que teñen pensado facer ao respecto?”

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Fernández Mirás:** “Tes razón, as táboas do encofrado teñen moitos anos... eu falei co fillo de Posiño e a resposta foi que mandou alí unha persoa a recollelas, non sei se foi ou non foi, pero el mandou alí unha persoa... o resto que estás dicindo... parece que queren reactivar esa obra outra vez, era boa cousa que seguiran... de gastar cartos agora naquela aceras e naquelas barandillas se van empezar agora... sae no periódico que venden apartamentos e que se vai reactivar todo iso, se van empezar pode ser un mes, dous meses ou tres... a verdade é que...”

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “Vaise empezar?”

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Fernández Mirás:** “Saíu na prensa”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “A venta de pisos a ten”.

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “O aval da urbanización mirouse máis por el, sábese se está?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Estase buscando”.

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “Tarda ben en aparecer, estará?”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Estará, digo eu, e se non está haberá que reclamalo para empezar”.

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “No último pleno ordinario preguntamos se había algunha novidade de Portos de Galicia en relación ao proxecto de mellora da seguridade da dársena do porto de Malpica, ao que vostede contestou que non sabía nada. Segue sen haber novidades?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Eu tiña pedida unha entrevista co Conselleiro, xusto convocaron eleccións e parouse todo, este día falei co Presidente de Portos, o chamei non tanto por iso, porque o porto o quero tratar co Conselleiro, o chamei polo tema do abandono total das losetas da vía de tránsito do porto, que está moi mal e porque se marcha moito a luz na zona norte, quedei con el e me dixo que me atendía o día catro, dixeron que o catro era imposible porque veñen políticos da Deputación a ver unhas obras, a deputada de Plans e mais do deputado, Sr. Regueira, e dixeron que non podía e que me tiña que dar outro día, ademais está solicitada co Conselleiro a reunión, me dixeron que estaban na fase de contratación de mantemento do porto xunto con outros por un millón e pico de euros ...



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Da seguridade do porto non teño máis noticias ca última vez que viñeron e falaron co Patrón Maior. Eu teño previsto reunirme co Conselleiro, un dos temas a tratar é ese e outro tema é o do alumeado do porto que os sacaron agora todos a licitación

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “Algunha novidade en canto a licitación do SAF, do centro de día, do alumeado público, limpeza de edificios e instalacións municipais, desbroces, etc.?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Como dixen co tema do suplemento de crédito están as ordes dadas aos departamentos para que se inicien os procedementos, xa fai seis meses... por min se pode empezar, eu non teño interese ningún en estar en precario”.

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “O 16 de marzo de 2023 o Concello de Malpica solicitou unha subvención para “Melloras na estación de tratamentos da auga potable (ETAP) de Ponte Berrón” cun orzamento de 61.822 €; recíbese a notificación da concesión da subvención o 31 maio de 2023 cun importe de 46.000€; o prazo de execución e presentación de documentación xustificativa remataba o 15 novembro de 2023; o 29 xuño de 2023 na conta do Concello de Malpica de Abanca foi ingresada a contía de 36.800€, 80% da subvención de 46.000€; o Concello realiza un expediente de contratación e formaliza e asina o contrato o 19 de setembro 2023 e a acta de comprobación de replanteo asinouse o 11 de outubro 2023 cun prazo execución 3 meses; tamén se amplía o prazo de xustificación ata o 30 de novembro 2023; o 22 de decembro de 2023 presentouse diante da Dirección Xeral de Administración local a renuncia da subvención por non poder xustificar dentro do prazo do 30 de novembro 2023 a execución total do proxecto.

Perdéronse 36.800 € desta subvención: Cales foron os motivos polos que se tardou en tramitar o expediente de contratación dende a concesión da subvención, o 31 maio de 2023 ata a acta de replanteo o 11 de outubro 2023, pasaron 5 meses?, por que se perdeu esa subvención?”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Houbo que devolver porque non se puido certificar a obra, o material que a empresa tiña encargado viña de fóra, viña do estranxeiro, maquinaria técnica que non lla deron preparado, contra empresa non podíamos ir porque a empresa estaba dentro do prazo, porque tiña tres meses de execución, tivemos que renunciar porque non puidemos xustificar en tempo e forma, non se contaba con que se tardara tanto en traer a maquinaria, que ao fin e ao cabo era máis subministro que outra cousa”.

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “Por que non se fixo nada en catro meses? a concesión foi en maio e vostedes inician a contratación en setembro, catro meses sen facer nada”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “O que está claro é que o alcalde non tramita expedientes dese tipo”.

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “Un fallo grande, cinco meses sen facer nada.



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O Concello de Malpica adheriuse ao “Programa de reciclaxe a través das plantas de compostaxe promovidas pola administración xeral da comunidade autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., SOGAMA”: Cales son as condicións? Que lle vai supoñer ao Concello de Malpica a xestión dos residuos orgánicos? Cando se implantará o contenedor marrón?”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Estamos traballando agora coa empresa que leva a recollida de basuras, agora no novo contrato que queremos sacar iría incluído o contenedor marrón, supón un aumento de gasto para pagar á empresa. Quero mirar a ver se se pode meter o cartón e o plástico no mesmo contrato, unha vez que se vai sacar”.

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “De momento a recollida orgánica non está licitada?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “O contenedor marrón está sen licitar, temos ata final deste ano para incorporalo, o que pasa é que agora como xa temos o contrato vencido da basura, agora xa se fai no novo contrato todo, que é o mais normal, non vas licitar o contenedor marrón por un lado e o contenedor verde polo outro, agora xa todo xunto. Son poucos pero hai que recollelo e levalo á planta e ten un custe”.

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “Adherise a esta programa non sabe o que lle vai supoñer ao concello?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “En gasto? Non, non temos pechado o estudo pero é claro que é un custe e o temos que poñer, o que non está é contemplado na cuota dos veciños, en principio eses gastos os ten que asumir o concello”.

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “Fixo o estudo de facéndose cargo o concello. Hai moitos concellos que teñen a xestión dos residuos orgánicos”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Pero como dis?”

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “O tratamento dos residuos orgánicos”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Levalo á planta o concello?”

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “Podes facer ti o compostaxe tamén”.

**O Concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Platas Rodríguez :** “Hai colaboracións con granxas, con empresas...”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “O custe e lévalo á planta”.

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “Se valorou?”



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Non, non se valorou... agora coa nova planta vai a Ponteceso o coste non é como ter que levalo a SOGAMA... e logo Laracha fai o compostaxe?”

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “O ten implantado, non sei se o xestiona directamente... sé que hai concellos que o xestionan directamente”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Agora para nós é máis fácil, porque coa nova planta o podemos levar a Ponteceso, antes o había que levar a SOGAMA ou a Santa Comba”.

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “Teñen vostede pensado facer algo co verdín da beirarrúas porque xa varias persoas tiveron problemas, porque se esvara moito”.

Se comenta a citada cuestión entre os membros da corporación.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “A rúa Escorial: aquela rúa que se cerrou con pivotes é pública ou é privada?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Aí hai un problema, tanto a rúa como a zona verde, que é a praza, foi urbanizada pola promotora e a ten que recibir o concello, o que non é de recibo é que o concello reciba, xa non digo a rúa que é peculiar... no momento que reciba o concello ten que facer o mantemento e conservación... é unha praza que era zona verde... a praza sería algo que teríamos nós que recibir como concello pero nola terían que entregar en condicións. A min me chegaron a dicir, lle preguntei ao anterior alcalde, que había un convenio asinado sobre a zona verde... eu falei co anterior alcalde, con Varela, e non se acorda de que haxa un convenio dese tipo, a día de hoxe non o temos moi claro porque cando o concello reciba tanto a zona verde, que ten un problema coa balconada e de seguridade que está todo aquilo moi abandonado, despois xa nos temos que facer nós cargo do mantemento...”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Non estamos falando do mesmo”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Non estás falando da de Canido? Ven a razón disto, aos donos ao dicirle así... se cerra porque se non a recepcionastes, estou contando o que hai... estamos mirando se hai un convenio... falei co aparelador, que estaba antes aquí, e non lle sona, falei co alcalde e non lle sona nada diso, o que si é certo que alí na zona verde hai unha praza, debaixo hai un baixo que lle correspondería ao concello e hai unha rúa paralela que urbanizou a promotora... e está sen entregar... e puxeron o pivote porque eu digo que para recepcionar iso ten que estar en condicións, porque senón nos encontramos que ao día seguinte xa nos poden reclamar de que filtraba auga ao edificio, por exemplo, polo tanto, cando se reciba que estea en condicións, temos outros problemas que xa son máis xurídicos porque o edificio está fóra de ordenación, non ten licenza de primeira ocupación, ten mil cousas enriba. Pedín que se buscasse o expediente, o expediente ten que ser do ano 2006...”

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Os pivotes verdes os puxo o concello ou os puxeron os da urbanización?”



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Fernández Mirás:** “Os puxen eu, mos pediron e os puxen”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “A rúa non é nosa e poñemos os pivotes”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Poñemos os pivotes por seguridade, nada máis”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Preguntamos pola marquesiña de Folgueira en xuño do ano pasado, xa tiñades a retención do orzamento; preguntamos en novembro e se dixo que estaba todo arranxado; preguntamos en xaneiro e a resposta foi só falta que a coloque o que se lle contratou; estamos en abril, un ano e pico largo despois de que se rompera e está sen poñer, cando se vai poñer a marquesiña?”.

**O voceiro do grupo mixto-AIM, Sr. Cañizo Garrido:** “Despois de Semana Santa, iso foi o que me dixeron”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Xa arranxou o concello co seguro para poñela”.

**O voceiro do grupo mixto-AIM, Sr. Cañizo Garrido:** “Vai pagar o concello”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “E se tarda ano e pico...”

**O voceiro do grupo mixto-AIM, Sr. Cañizo Garrido:** “Vai pagar o concello e cando veñan os cartos do xulgado se ingresa.

A quedaron de poñer agora despois de Semana Santa”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Vou dicir o que dixen no último pleno: por necesidade e seguridade o concello pode poñer unha marquesiña e cando se arranxen os seguros que a quiten... que a poña o seguro... un ano e pico xa é esaxerado.

Tedes previsto arranxar os desperfectos que ten o camiño do ruevoiro en Buño? Pedras levantadas, dúas farolas arrancadas e a baixada ao nivel do río, que pode ser perigosa que hai un escalón, pódense poñer unha xardineiras para que a xente non caía cando vai buscar a auga.

Tedes vontade de arranxar un camiño moi necesario en Buño? Pero para agora ou para o ano que ven? ”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “A min mo pasaron a razón da Mikaela que romperan un foco e que había unhas pezas levantadas, xa se lle dixo ao electricista...”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Fernández Mirás:** “Algo de razón tes no de poñer as xardineiras ou unha barandilla... de poñer algo...pode caer alguén...”.



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Estamos falando de que se levantaron trinta ou corenta pedras no camiño, e a xente as apartou para un lado... penso que lle podía reclamar ao director de obra, é unha execución bastante deficiente.”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Eu vin as fotos e non eran tantas”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Hai una pila de pedras”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Fernández Mirás:** “Pedras hai pero trinta ou corenta non hai, dá igual se vai alí e as que haxa”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Se é un defecto de obra, hai que reclamar ao contratista”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Eu creo que é un defecto de obra, e o da farola?”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Xa se lle dixo ao electricista”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Hai un par de plenos que preguntamos polo arranxo da furgoneta grande a HBP, se arranxou por un valor de 7.100 €, vostede tiña un orzamento para o arranxo desa furgoneta bastante menor a 7.100 €?”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Tiñamos un orzamento, despois apareceron máis cousas e se fixo un segundo orzamento, se anulou a primeira retención e se fixo a segunda... ao primeiro era a chapa e pintala e despois apareceron máis cousas e fun a intervención e dixen hai máis cousas que facer e preguntei se sería mellor facer unha segunda retención e se me dixo que non, anulamos a primeira e facemos outra, creo recordar que foi así...”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Falouse con dous talleres?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Fun eu persoalmente”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Pediuse á Deputación a subvención para a Mostra de Olería?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Si, está contemplada. Se van por libre nós teremos que desistir desa subvención”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Vaise facer a segunda Mostra de Olería?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Non”.



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**O voceiro do grupo mixto-AIM, Sr. Cañizo Garrido:** “Pregunta con sarcasmo, só te queda para ser alcalde o 2024, o 2025, o 2026 e o 2027, non te queda máis, catro anos pronto pasan, logo xa fas ti o que te dea a gana.

Esa pregunta é unha tomadura de pelo”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “A tomadura de pelo fuches ti”.

O Sr. Alcalde intervén para dicir que non se entre en cuestións persoais e que o pleno se sega a desenvolvendo con respecto.

Prodúcense distintas intervencións entre os membros da corporación.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Desde o concello, a alcaldía fixo unha proposta, eles decidiron que non, pois moi ben, o outro día presentaron o cartel, polo que se ve publicamente van facer a Mostra eles, eles organizan todo, nós os trataremos como unha asociación máis, lles axudaremos no que poidamos, se nos invitan acudiremos e se non nos invitan acudirei e acudiremos como persoas normais. É algo que decidiron eles unilateralmente, se lles puxo encima da mesa algo que era lóxico, non tiña problema ningún por parte do concello, eles xa falaran algo co deputado, co Sr. Regueira: que tipo de subvención, que se lles dan os 80.000 €, algo que xa se lles dixo desde o principio que era imposible, porque iso son subvencións nominativas para os concellos, se lles dixo que podería solicitar unha pequena subvención e punto.

Non hai máis, o que hai é o que se le, o que se dixo, non hai nada oculto, eles decidiron, polo que se me contestou a min e mais polo que se le na prensa, que van facer a Mostra de Olería eles, pois xa está, non hai problema ningún, eles saberán”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Ao concelleiro de Medio Ambiente: canto custou a adaptación da máquina de limpar a praia?”.

**O Concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Mato Garrido:** “Non o sei”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Pouca cousa”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Canto custou a limpeza? Cantos días traballou a máquina?”

**O Concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Mato Garrido:** “As teño apuntadas agora mesmo de memoria non o sei”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “E vai pagar o concello?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Nós o pasaremos á Xunta”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “O concello non pensa pasar os gasto á aseguradora do barco?”



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Con nós tratou directamente a Xunta, a Xunta puxo o persoal... oe: que persoal necesitades? Veu todos os día limpar persoal da Xunta, nós fíxemos unha limpeza xeneralizada entre persoas e puxemos a máquina a funcionar, porque funcionaba, tampouco foi unha esaxeración de pellets os que tivemos na nosa costa.

Nós o único gasto que podemos ter é as horas esas do tractor, porque despois o persoal o puxo a Xunta”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Aínda que sexa pouco ou moito hai intención de facer un proxecto para cobrarlle á aseguradora do barco? Por que ten que pagar o concello?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Eu entendo que será a Xunta, a aseguradora nunca se puxo en contacto con este concello”.

**O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela:** “Hai concellos que a aseguradora se puxo en contacto con eles”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “En Malpica non fixo falta facer un despregue grande, o despregue de persoal non o fixemos nós que o fixo a Xunta, xa lle cobrará a Xunta, viñeron todos os días e estaban en varias praias ao mesmo tempo e o comunicaban, me chamaban a min: van para tal praia... ao principio nos puxémonos a limpar nós onde podía traballar o tractor... aparte de que houbo o tema de voluntarios”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Por que non houbo ningunha actividade turística neste Semana Santa?”

**O voceiro do grupo mixto-AIM, Sr. Cañizo Garrido:** “Houbo unha pila”

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Por que non houbo ningunha actividade de promoción do patrimonio esta Semana Santa?”

**A Concelleira do grupo municipal do PP, Sra. Freijeiro Novo:** “Houbo obradoiros no Forno do Forte, tiña previsto facer como nos últimos anos nos muíños do río Vaa pero a previsión era malísima e se decidiu deixar para a ponte das Letras Galegas”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Onde está o tractor municipal?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Está na de Posiño gardado, non sei se estará agora mesmo na de Silvosa porque mandei que cambiaran as cuchillas”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “O Suzuki Vitara vai estar operativo?”.

**O voceiro do grupo mixto-AIM, Sr. Cañizo Garrido:** “Xa está, estivo xa toda a semana”.





CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Prodúcese un breve cruce de intervencións entre o Sr. Cañizo Garrido e o Sr. Pardo Añón.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Nós preocupa a instalación de empresas no polígono industrial, ten intención o concello de facer algún tipo de nave para almacenar o tractor que está na de Posiño...? ... O material do concello anda repartido...”

Prodúcese un cruce de intervencións entre os membros da corporación.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “A miña pregunta é: ten o concello intención de coller unha nave para gardar o material e todo o instrumental do concello para telo organizado e gardado no mesmo sitio ou non?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Coller ou facer unha nave?”

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Por exemplo, hai unha nave moi grande que podería acoller iso e moito máis, está a venda por 500.000 €, a do Progreso de Buño”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Creo que prefiro facer unha nave e facela no polígono, hai un proxecto coa nave e mais co viveiro de empresas”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Tedes entregado un proxecto feito por nós para facer unha nave alí”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Un proxecto? Pois, eu teño un proxecto feito”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Pois, hai outro”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “E quen o fixo?”

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Isabel Gallego... está entregado por rexistro”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Eu non sabía nada, nós fíxemos un proxecto que contempla naves pequenas ou módulos polo tema do viveiro de empresas, que era un proxecto valorado daquela, cando o presentei en industria, en 700.000 €.”

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Hai algunha novidade do Plan Xeral?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Estamos coa modificación puntual para o centro médico, o Plan Xeral en si está parado”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Cando se vai abrir o Centro de Día de Buño?”



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Se acabou de facer o regulamento, en base ao regulamento xa se pode calcular o custe, pasarase á Xunta para que dea o visto bo, terase que traer a pleno, despois queremos traer o orzamento onde se incluírá o centro de día, cuestión dun par de meses se todo vai ben”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “A apertura?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Non, xerar a financiación, aprobar o regulamento, e despois a licitación, primeiro hai que ter os cartos para licitar”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Sendo unha prioridade podería ser xa unha previsión de ter os cartos”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Facer o regulamento non foi nada fácil, levou moito tempo, foi un quebradeiro de cabeza porque non hai un regulamento *standard*, se falou co Consorcio para que nolo deran e foi imposible, nos derivaban a outros concellos e estes eran incompletos ou non se adaptaban e houbo que fácelo case *ad hoc*, o regulamento é fundamental que vaia moi ben feito porque os custos de explotación van en base ao regulamento, levou o seu tempo, a verdade que levou moito tempo, agora o poderíamos mandar á Xunta para que dea o visto bo, logo traelo a pleno, o máis pronto posible, agora se está adaptando o estudo económico, que xa estaba feito, contemplalo no orzamento, traer o orzamento para aprobar, e logo poder licitar”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Fai dous meses Xosé Manuel Varela se fixo eco do centenario da morte do tenor malpicán Ignacio Varela Novo, tenor que se pode considerar un dos personaxes malpicáns máis internacionais, da historia dese tenor só tiñamos un artigo de Diana Bello Chouciño publicado en La Voz de Galicia no ano 2009... que ten pensado facer o concello para poñer o nome do tenor Ignacio Varela onde se merece?”

**A Concelleira do grupo municipal do PP, Sra. Freijeiro Novo:** “Estamos mirando de poñerlle unha rúa”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Só iso?”

**A Concelleira do grupo municipal do PP, Sra. Freijeiro Novo:** “De momento estamos con iso, de momento”.

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “Parques recreativos de Santirso e Vilarnono: desde a festa de San Blas, foron mirar? unha mesa que estaba tirada, segue tirada”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Fernández Mirás:** “Para a semana”.

**O voceiro do grupo mixto-AIM, Sr. Cañizo Garrido:** “Eu creo que está”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Fernández Mirás:** “Non é só a mesa, que son os barrotes”.



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “Os barrotes o ía comentar eu, cando se van arranxar?”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Fernández Mirás:** “Hai que solventar esas deficiencias”.

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “No muro na parte de atrás hai un burato, haberá que facer algo”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Está no proxecto”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Fernández Mirás:** “Iso pódese tapar”.

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “Antes faláron do parque de Beo e miraches como se non soubeses onde é o parque infantil, sabes como está o parque infantil de Beo?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “O da escola?”

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “Está todo roto, e mellor levar todo de alí... eu creo que lle facía falta... polo menos retirar todo”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Fernández Mirás:** “Alí non vai ninguén”.

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “Non sei se van ou non van pero é mellor retirar todo, ao mellor se pode poñer en Pontella que nos pediron xogos”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Vostede sabe que parques non se poden facer onde queiras, tamén nos pediron xogos en Loroxo e en todos os sitios, non se poden poñer xogos onde un queira, os parques teñen unha obrigas”.

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “O domingo pasado fun a área recreativa da praia de Beo, creo que se pediu unha subvención... pero está todo sen cortar”.

**O voceiro do grupo mixto-AIM, Sr. Cañizo Garrido:** “Van cortar esta semana”.

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “Pero a Semana Santa foi a outra, esa é imaxe que queredes dar?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Vós os dades conta... fai pouco que criticastes que se gastaran 150.000 € en desbroces, se gastou esa cantidade por unha sinxela razón, eu non son partidario diso, porque se fixeron dous desbroces no ano, cando sempre se fixo un desbroce”.



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “Pero por que o fixo?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Eu non son partidario diso”.

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “Pero diga por que o fixo”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Porque se me criticaba a min”.

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “Porque antes das eleccións había que pasar por todos os lados”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Se me criticaba, baixo o meu criterio non se debía de facer, ti me dis de limpar agora a área de ocio de Beo, dentro dun mes está igual e temos que volver limpala”.

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “Temos que dar unha imaxe cara a xente de fóra, haberá que ir antes de Semana Santa e deixala en perfectas condicións para a xente que vaia a vela”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “E logo volvemos dentro de dous meses”.

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “Estou falando das áreas recreativas, non estou falando das estradas”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “A área recreativa de Beo non é limpar só o solo...”.

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “Baixastes polo pasamáns?, non tedes medo de que caía todo?. Se hai un problema de seguridade non será mellor que o corten”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Fernández Mirás:** “Hai que arranxalo, non é todo que é unha parte”.

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “Polo menos cubrirse as espaldas o concello.

O famoso bache de Beo o pensan arranxar?”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Fernández Mirás:** “Ese bache mentes non se faga a depuradora... se o arranxas hoxe mañá está igual”.

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “Por que ten ese problema?”

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Fernández Mirás:** “Está pechado por orde xudicial o tubo que está en baixo, hai moitos anos”.



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “Mira como vai o camiño que vai dar á fonte”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Fernández Mirás:** “Cando se poña a depuradora se vai arranxar todo”.

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “Mentes se pon a depuradora ten que pasar a xente”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Pero que queres?”

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “Buscar unha solución”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Pero a solución é esa. Eu persoalmente como alcalde notifiqui a cada casa de Beo no seu momento que tiñan que poñer pozos axeitados e que non podían verter pero ao mesmo tempo cando nos viñan pedir a licenza non lla podíamos dar polas distancias. Ten moi mala solución porque nós mesmos esiximos unha cousa e veñen pedir a licenza e non lla podemos dar polas distancias, e ao pozo ese que lle facemos? o que ten que facer a xente e non verter para aí. Eu notifiqui e viñeron aquí e dixeron eu quero facer unha fosa séptica... pero as distancias a lindeiros non cumpren polo que non se podían dar as licenzas”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Fernández Mirás:** “Está tapado por orde xudicial”.

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “A área recreativa do río Vaa lle fai falta unha limpeza”.

**O voceiro do grupo mixto-AIM, Sr. Cañizo Garrido:** “Vanse limpar todas”.

Se producen distintas e cruzadas intervencións entre os membros da corporación.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Hai un momento que criticastes que se gastaron 150.000 € en desbroces, eu volvo dicir que non son partidario dese sistema porque é tirar os cartos, porque eu limpo agora unha área e neste tempo a limpas hoxe e dentro dunha semana está a herba alta. Os desbroces aquí toda a vida, non do PP, xa do PSOE... sempre se empezou a desbrozar por San Hadrián e a partir de aí ata decembro. O fas dúas veces, tres veces e estas gastando un lote de cartos, faise e a xente está contenta pero ese servizo costa moitísimo diñeiro, está moi ben ter as áreas todas para Semana Santa... e se ben un festivo ou unha ponte hai que telo, tamén”.

**O Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. García Villar:** “Non ve os outros concellos”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Os outros concellos como o noso.

Algunha pregunta máis?”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Si”.



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Pero imos ver: antes era el e agora volves ti”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Te molesta?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Non me molesta pero isto non é así, agora acabo, agora me acordo e fago outra pregunta. Fai a pregunta pero non é así”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “O muro que se fixo en San Antonio ten os permisos correspondentes?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Ten os informes do concello para facer a obra”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Non se meteron no privado”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Está no bordillo. Veu o dono preguntar e se lle deu o proxecto, alí se fixo por seguridade, porque xa se puxera unha malla, como iso está todo no xulgado decidiuse poñer un muro, un muro na estrada, está por dentro, está na afección, eles se quixeran facer un muro ou un desmonte teñen que ir para dentro, desprazarse do eixo, se queren facer unha casa se corta o muro e punto, agora se fixo por seguridade e veu a señora por aquí para que quedara no xulgado xustificado, porque iso está todo no xulgado... levou o proxecto mais a acta de replanteo”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Valorouse a posibilidade falando cos donos de facer un desmonte o concello?”

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Non”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “E ceder o terreo para un aparcamento disuasorio”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Non, o proxecto xa estaba contratado antes das eleccións pero as empresas non daban feito, a asociación foi a que veu pedir, a asociación San Antonio... o único que imos facer é un muro e resgardar a estrada para que non caían”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “A solución era facer o desmonte e facer como fan outros concellos un comodato, o dono cede ao concello o valor do que vale o desmonte, se vale tanto, 8 anos, se vale tanto, 10 anos”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “O problema vai ser que está no xulgado, non se poñen de acordo entre eles”.

**O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón:** “Ti fai un informe ruinoso e aparecen todos”.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** “Tivemos que limpar o das señoritas en Buño, tivemos que ir ao xulgado para entrar e aínda non pagaron”.



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**E non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente procede a levantala, sendo as 22:05 horas do día da data, do que como Secretaria dou fe e certifico.**

**O Alcalde-Presidente,**  
**Asd: Eduardo J. Parga Veiga**

**A Secretaria,**  
**Asd: M<sup>a</sup> Loreto López Fernández**